**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de maio de 2023

**RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 26 DE MAIO DE 2023**

**ASUNTOS**

**Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2023, de 28 de abril.

2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 22 de abril de 2023 ata o 19 de maio de 2023.

**Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables e aprobación do correspondente convenio de colaboración. Ano 2022.

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o "Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

5. Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2023, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2023 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede na Coruña no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

**Comisión de Benestar Social e Educación**

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración

9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2023: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.

10. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

11. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinaciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2023 e do correspondente convenio de colaboracion.

**Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

12. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación EXPONAV para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2023"

13. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar "XXXIX Mostra da Olería de Buño 2023"

14. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar as "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga 2023"

15. Aprobación do convenio de colaboración que instrumenta a concesión dunha subvención nominativa coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2023"

**Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

16. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 0206 Senda Peonil en Biduido (AMES), incluído no Plan de Sendas Peonis 2021, sexta fase.

17. Aprobación da Actualización de prezos do proxecto da obra DP 8202 de Galanas a Cacheiras Terminación ampliación da plataforma e mellora do trazado punto quilométrico 3+500 ao 4+240 (TEO), incluído no Plan de Investimentos 2021, sexta fase

18. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2023, segunda fase

19. Aprobación do Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2023, quinta fase

20. Aprobación do proxecto da obra DP 4701 De Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria punto quilométrico 0+923 ao 5+478 (MESIA) --ACTUALIZADO--; incluído no Plan de Investimentos 2022, sexta fase

21. Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 0605 punto quilométrio 5+900 ao 6+530 (TOURO), incluído no Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2023, sexta fase

**Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

22. Aprobación da adxudicación do contrato de subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, mediante arrendamento con mantemento ("renting")

23. Aprobación da rectificación do INVENTARIO da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2022.

24. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Ferrol para a achega do medio propio "Empresa de Transformación Agraria SA, SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade pública e ornato no concello de Ferrol

25. Aprobación dun convenio entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o concello de DUMBRÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Arranxo de camiños municipais.

26. Aprobación du convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución no ano 2022.

**Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

27. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023

28. Aprobación da toma de coñecemento do informe da Valedora do Pobo coas conclusións da súa investigación de oficio sobre as tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas redes de abastecemento de auga e saneamento municipais

29. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma integral da Praza Fernando Buesa", do Concello de Cambre incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0430.0

30. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0384.0

31. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pista multideporte e parque infantil en O Baño" do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0205.0

32. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía a Rial", do Concello de Padrón, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0430.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

33. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0226.0.

34. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, no Concello de Rianxo-fase 1", do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0558.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

35. Aprobación da prórroga do convenio de cooperación interaministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha

subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns"

36. Aprobación da prórroga do convenio de cooperación interaministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón"

37. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto básico e de execución da "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro"

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

38. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a abril 2023.

39. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2023.

**Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

40. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Concello de MIño para cofinanciar o proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no centro municipal de emprego, emprendemento e formación", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.

41. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia - CEIDA para cofinanciar o "Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental para unha transición ecolóxica 2023".

42. Aprobación da proposta de acordo de adhesión á entidade Rede de Entidades para o Desenvolvemento Local (REDEL).

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de maio de 2023.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 26 de maio de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

**Deputados/as**

**Asistentes:**

| | |
|---|---|
| Don Valentín Alfonsín Somoza | PP |
| Don Evaristo Ben Otero | PP |
| Don José Carlos Calvelo Martínez | PP |
| Dona Cristina Capelán Cancelo | PSOE |
| Don Germán Castrillón Permuy | PP |
| Dona María Milagros Castro Sánchez | PSOE |
| Don Ignacio Codesido Barreiro | PP |
| Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez | BNG |
| Don Antonio Deibe Sanmartín | PP |
| Don Bernardo Fernández Piñeiro | PSOE |
| Don Gumersindo Pedro Galego Feal | PP |
| Dona Rosa Mª Gallego Neira | PP |
| Dona Izaskun García Gorostizu | PP |
| Don José Blas García Piñeiro | PSOE |
| Don Ángel García Seoane | AVV |
| Dona Sandra González Castro | PSOE |
| Don José Manuel Lage Tuñas | PSOE |
| Dona Ana Lamas Villar | PSOE |
| Don Antonio Leira Piñeiro | PSOE |
| Don Alberto Lema Suárez | MA |
| Dona María del Carmen Muiño Filgueira | BNG |
| Don José Javier Pego Sampedro | PP |
| Don Xosé Luis Penas Corral | BNG |
| Don José Manuel Pequeño Castro | PSOE |
| Don Xosé Regueira Varela | BNG |
| Don José Ramón Rioboo Castro | PSOE |
| Don Roberto Rodríguez Martínez | PP |
| Dona Teresa Villaverde Pais | PP |

**Excusados:**

| | |
|---|---|
| Don José Luis Pérez Añón | PP |
| Don Manuel Taboada Vigo | PP |

O Sr. Alfonsín Somoza entra comezada a sesión, no punto número oito.

**Actúa como secretaria:** dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da coruña.

Está presente o viceinterventor xeral, don José María Pérez Alvariño.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2023, de 28 de abril.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 5/2023, de 28 de abril.

**2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 22 de abril de 2023 ata o 19 de maio de 2023.**

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 22 de abril de 2023 ata o 19 de maio de 2023.

**3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables e aprobación do correspondente convenio de colaboración. Ano 2022.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **16.080,00 €,** á Real Academia Galega de Ciencias, para cofinanciar o *Curso: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables,* cun orzamento subvencionado de 20.100,00 €, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura,

levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 19 de abril de 2023.

**3.-** Exceptuar para o presente expediente o principio de anualidade orzamentaria.

**4.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2023, da Deputación da Coruña.

**" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o *Curso: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables.***

Na Coruña, a

**REUNIDOS**

D/Dna. _____________________________, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____________________________, en nome e representación da Real Academia Galega de Ciencias.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

**1.-** A Real Academia Galega de Ciencias, é unha corporación científica de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar creada por RD 1218/1977 do 23 de abril.

**2.-** De conformidade co capítulo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega de Ciencias, entre outros:

- Fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadyuvante do desenvolvemento socio-económico,

- Elaborar informes, estudos ou dictames sobre as materias científicas que lle son propias.

- Fomentar as relacións con outras institucións en áreas de interese común.

- Achegar á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

**3.-** De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de educación e cultura.

**4.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias coinciden

no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega de Ciencias,** con CIF: Q1568010A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Curso: Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables,* que se indica deseguido:

*Seminario 1. Estratexias Enerxéticas*
*Día 27 de xuño de 2022*
*Pazo de San Roque. R/San Roque, nº 2*
*Santiago de Compostela*

*Seminario 2. Enerxía solar fotovoltaica. Enerxía da Biomasa. Almacenamento enerxético.*
*Día 28 de xuño de 2022.*
*Pazo de San Roque. R/San Roque, nº 2*
*Santiago de Compostela*

*Seminario 3. Enerxía eólica. Enerxías do mar.*
*Día 29 de xuño de 2022.*
*Salón de Actos Concepción Arenal. Universidade da Coruña*
*Ferrol*

*Seminario 4. Hidróxeno verde e Biometano*
*Día 30 de xuño de 2022.*
*Salón de actos de Autoridade Portuaria de A Coruña.*
*A Coruña*

**II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| *Conferencias Transmisión telemática Coordinación* | *7.100,00* |
| *Soldos e salarios* | *3.300,00* |
| *Seguridade social a cargo da entidade* | *1.200,00* |
| *Deseños Imprenta Difusión* | *6.500,00* |
| *Desprazamento e estadía de relatores e coordinador* | *2.000,00* |
| **Total gastos:** | **20.100,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.080 €,** o que representa unha porcentaxe do 80,00 %**.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2023.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación aportada.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
**1.-** A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de

colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de novembro de 2023** e terá efectos retroactivos,  polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

**2.-** Previa solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade

xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o "Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **1.500.000,00 €**, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023,* cun orzamento subvencionado de 2.120.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023.***

Na Coruña, a

**REUNIDOS**

Don/a –------------------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –--------------------en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

**EXPOÑEN**

**1.-** Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consorcio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

**2.-** Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

**3.-** Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nova, e dúas orquestras infantís: Orquestra Infantil Arcos e Orquestra Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia; e, tamén é de salientar o proxecto social Resoa, destinado a nenos e mozos en risco de exclusión social, único na provincia.

**4.-** Que está a traballarse na ampliación das actividades fóra da cidade da Coruña. Ademais, seguirase traballando con concellos como Carballo, Melide, Rianxo, Culleredo, Arteixo e Vimianzo para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

**5.-** Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

**6.-** Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023.

**7.-** Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

## CLÁUSULAS

**I.- Obxecto.**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023***, que se indica deseguido:

1. Actividades da OSG tempada e na provincia da Coruña

- Concertos na Coruña

19 concertos do abono venres: 13, 20 e 27 de xaneiro, 3, 10 e 17 de febreiro, 17 e 24 de marzo, 14, 21 e 28 de abril, 12, 19 e 26 de maio, 2 e 16 de xuño, 6, 13, e 20 de outubro.

8 concertos do abono sábado: 28 de xaneiro, 11 e 18 de febreiro, 25 de marzo, 22 de abril, 13 de maio, 17 de xuño e 7 de outubro

- Concertos en Ferrol:

5 concertos en Ferrol: 12 de xaneiro, 2 de febreiro, 13 de abril, 25 de maio e 7 de xuño.

- Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar

- Concertos en Santiago de Compostela: 23 de marzo e 11 de agosto

- Concertos extraordinarios: 14 de xaneiro, 23 de febreiro e 6 de maio

*Orzamento: 1.763.450 €*

2. Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia da Coruña

- Actividades da Orquestra Nova: 8 de xaneiro (A Coruña), 9 de abril (A Coruña), 19 de agosto.

- Actividades da Orquestra de Nenos: 4 de xaneiro (A Coruña), 1 e 2 de abril (Ares e A Coruña), 17e 18 de xuño a determinar.

*Orzamento: 169.900 €*

3. Actividades dos Coros da OSG na provincia da Coruña

22 de xaneiro (A Coruña), 1 y 24 de abril (Vimianzo), 17 de xuño (A Coruña).

*Orzamento: 135.400 €*

4. Proxecto didáctico

44 actividades entre sesións escolares, concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.

*Orzamento: 51.250 €*

**II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.**

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos | 941.150,00 |
| Seguridade Social | 300.600,00 |
| Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras, autobuses, taxis, dereitos de autor | 393.500,00 |
| Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos | 1.000,00 |
| Material oficina, programas man, publicidade, transporte instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores, gravacións, iluminación e son, cargas e descargas | 483.750,00 |
| ***Total orzamento*** | ***2.120.000,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dean a coñecer o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2023*, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2022.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2023,** plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

*Segundo prazo*, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo Xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo  Consorcio para a Promoción da Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos

compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio para a Promoción da Música terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos,

así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de e 2024** e terá efectos retroactivos,  polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**5.- Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2023, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2023, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM),* de acordo co texto que se achega.

**2.-** Aprobar a achega da Deputación da Coruña, por importe de **120.926,27 €**, que representa unha porcentaxe do 25,39 % do total do gasto previsto que é de 476.219,34 €.

**Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2023,* de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).**

Na Coruña, o ____ de_______ de 2023, na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D/Dna._____________en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____________ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto

configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Titulo III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que "Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero".

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña o día 2 de novembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 66/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente* ***ata un máximo de 4 anos****, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello da Coruña realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data 6 de agosto de 2021 a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña asinan a primeira prórroga do convenio para o ano 2021, formalizada en documento administrativo 62/2021 e o 4 de xullo de 2022 a segunda para o ano 2022, formalizada en documento administrativo 55/2022.

Con data do 15 de decembro de 2022 o Concello da Coruña solicita a terceira prórroga do convenio para o ano 2023.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 2 de novembro de 2020, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segund**o.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2023 é de 120.926,27 €, o que representa unha porcentaxe de 25,39 % do total do orzamento previsto que é de 476.219,34 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

**Terceiro.-** Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito

orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2023 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **200.000,00 €,** ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2023,* cun orzamento subvencionado de 252.876,50 €, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 10 de maio de 2023.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**4.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2023, da Deputación da Coruña.

**" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2023.***

Na Coruña, a

**REUNIDOS**

Don/a ……………, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……………, en representación do Auditorio de Galicia

**EXPOÑEN**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

**2.-** Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

**3.-** De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

**4.-** A programación desenvolta polo Auditorio de Galicia excede as marxes do propio concello de Santiago de Compostela. As actividades programadas teñen un carácter supramunicipal, atendendo á configuración de Santiago de Compostela como a capital cultural do país, por iso a área de influencia das programacións excede o ámbito comarcal situándose no ámbito provincial e nacional.

A programación cultural compostelá ten unha clara orientación provincial e nacional. Sendo un dos seus obxectivos, Compostela como capital do país e núcleo de formación e ocio da provincia, vese reforzada na acollida de cidadáns dos concellos da provincia e orienta, máis ca nunca, as súas políticas turísticas e culturais a eses ámbitos.

**5.-** En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve.

**6.-** Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2023,* a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan suscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta

administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programa de actividades do ano 2023***, que se indica deseguido:

* Semana do patrimonio invisible: xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado e, como elemento nuclear contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada. Cada autor/a presenta os seus bosquexos e fala sobre a as experiencias, técnicas e achegas persoais arredor do seu traballo.

* Música: o carácter singular da programación musical que elabora o Auditorio recae en dous alicerces: o primeiro o apoio e a estabilidade dunha programación clásica, case única no país con vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vanguarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito musical artístico:

- Programa de abono clásico: programación deseñado por Paul Daniel baixo o título "'Escoitar o mundo" incluirá 25 concertos.

- A Real Filharmonía de Galicia recupera a súa actividade didáctica ofrecendo aos escolares de Galicia un proxecto para descubrir o piano e a formación orquestral a través de música electrónica nunha proposta do pianista e compositor estradense Javier Otero. Ademais presentará catro sesión dedica-das a W. A. Mozart na que os máis pequenos poderán descubrir ao xenio salburgués. Senllas propos-tas serán interpretadas para todos os públicos en dous concertos para toda a familia.

* Ciclo de Lied: en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, este ano chega á súa 25ª edición.

* Xornadas de música contemporánea: teñen como obxectivo promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea, poñéndoas en valor ao carón dos xa considerados clásicos do século XX. Como en edicións anteriores mantense a colaboración institucional coa Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea e terán lugar no mes de xuño.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

Un proxecto didáctico-cultural que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galegoportuguesas actuais, aproximando a cultura e a lingua dos dous países. Un certame que consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués que se entregan cunha Gala que organiza o Auditorio de Galicia

* Artes escénicas e de movemento: as principais liñas que se teñen en conta para esta programación son o apoio ás compañías da cidade, equilibrio entre as disciplinas da palabra e o movemento, interdisciplinariedade da escenas coa literatura, música, xénero, ciencia, política, memoria, cine...e atención a diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

Volve a #POSUNCIÓN: conversas con membros do equipo de cada espectáculo arredor

da temática e a experiencia de traballo do mesmo.

* Festival C, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente galegas en espazos ao aire libre: parques, xardíns e prazas intentando crear puntos estables de difusión cultural que garantan a seguridade e esixencias sanitarias para a realización dos espectáculos.

Os espazos estableceranse por disciplinas artísticas:

- -C letras. Literatura á fresca (recitais de poesía e roteiros literarios)
- -C circo (artes de circo e rúa)
- -C escena (artes escénicas e danza)
- -C música (música)

**II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | | |
|---|---|---|
| ***Programa de abono*** | | |
| Caxé artístico ópera “La voz humana” | | 15.125,00 |
| Deseño e maquetación do programa | | 3.500,00 |
| Impresión programas | | 5.000,00 |
| Impresión programas de man | | 8.000,00 |
| Suministro de augas para concertos | | 500,00 |
| Dereitos de autor | | 200,00 |
| Envíos postais | | 1.000,00 |
| Reparto cartelería | | 200,00 |
| Impresión mupis | | 200,00 |
| Comunicación e difusión na Axenda C | | 1.500,00 |
| Venda telemáticas de abonos e entradas | | 2.500,00 |
| | ***Subtotal*** | ***37.725,00*** |
| ***Ciclo de lied*** | | |
| Honorarios artistas | | 21.000,00 |
| Deseño de materias | | 1.500,00 |
| Impresión cartel e programa | | 1.500,00 |
| Dereitos de autor | | 1.000,00 |
| Afinacións | | 700,00 |
| | ***Subtotal*** | ***25.700,00*** |
| ***Xornadas Música Contemporánea*** | | |
| Honorarios artistas | | 15.000,00 |
| Deseño de materiais | | 1.500,00 |
| Impresións | | 1.500,00 |
| Dereitos de autor | | 1.000,00 |
| Afinacións | | 300,00 |
| Aluguer material técnico | | 1.000,00 |
| | ***Subtotal*** | ***20.300,00*** |
| ***Gala Ari[t]mar*** | | |
| Contratación artística | | 5.000,00 |
| Aluguer de material | | 2.000,00 |

| | | |
|---|---|---|
| Coordinación e produción da Gala | | 5.000,00 |
| Servizos profesionais | | 1.000,00 |
| | ***Subtotal*** | ***13.000,00*** |
| ***Festival C*** | | |
| Contratacións artísticas | | 20.000,00 |
| Asistencia técnica | | 5.000,00 |
| Seguridade e acomodación | | 2.000,00 |
| Servizo de reparto de entradas | | 1.500,00 |
| | ***Subtotal*** | ***28.500,00*** |
| ***Semana do Patrimonio Invisible*** | | |
| Servicios técnicos | | 18.000,00 |
| | ***Subtotal*** | ***18.000,00*** |
| ***Xornadas de Ilustración Urbana*** | | |
| Coordinación e deseño do programa | | 2.990,00 |
| Contratación de ponentes | | 10.800,00 |
| Impresión de material gráfico | | 1.210,00 |
| | ***Subtotal*** | ***15.000,00*** |
| ***Artes escénicas e do movemento*** | | |
| Safo | | 19.965,00 |
| Todas las canciones de amor | | 11.495,00 |
| A inimiga do pobo | | 10.156,50 |
| Por fin solo | | 9.075,00 |
| Elisa e Marcela | | 2.960,00 |
| Gran Gala do Circo de Compostela | | 5.000,00 |
| Asistencias técnicas | | 7.000,00 |
| Atención aos públicos | | 9.000,00 |
| Aluger de material | | 5.000,00 |
| Publicidade e impresión de materiais | | 4.000,00 |
| Comunicación e difusión na Axenda C | | 3.000,00 |
| Servizo de venda de entradas | | 2.500,00 |
| Dereitos de autor | | 2.000,00 |
| Postfuncions | | 3.500,00 |
| | ***Subtotal*** | ***94.651,50*** |
| | ***Total*** | ***252.876,50 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,089 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,089 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia,

xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo  Auditorio de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuizo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle

en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede na Coruña no ano 2023 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (11 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **40.000,00 €** á Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) para cofinanciar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2023,* cun orzamento subvencionado de 77.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 12 de maio de 2023.

**3.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2023, da

Deputación da Coruña.

**4.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2024 autorice o correspondente Orzamento.

**" Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Universidad Internacional Menéndez Pelayo* polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2023.***

Na Coruña, a

**REUNIDOS**

Don/a ……………., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Carlos Andradas Heranz, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitor Magnífico, que actúa facultado polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 872/2021 de 5 de octubre (BOE de 6 de octubre) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidade, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

**EXPOÑEN**

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 2/2023 unha subvención nominativa para o financiamento dos *Cursos na sede da Coruña no ano 2023.*

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamiento parcial dos *Cursos na sede da Coruña no ano 2023*, de acordo co seguinte programa:

**Retos tecnolóxicos da intelixencia artificial**
Directora: Amparo Alonso. Catedrática de universidade; departamento: Ciencias da computación e tecnoloxías da información; área: Ciencia da computación e intelixencia
A Coruña, xuño 2023
Curso presencial e online

**Loucura, cordura e diversidade**
Directora: Maria Donapetry Camacho. Investigadora asociada ao departamento de Filoloxía da UDC
A Coruña, xuño 2023
Curso presencial

**Biodiversidade dun espazo natural galego**
Director: Damián Romay. Biológo, ecólogo, especialista en Evaluación Ambiental
A Coruña, xullo 2023
Curso presencial

**Uso do big data en investigacion social e política**
Director: José Ignacio Peláez Sánchez. Catedrático Universidad de Málaga.
A Coruña, 10-12 xullo 2023
Curso presencial e online

**Xornada formativa fisioterapia e readaptación en deporte.**
Director: Francisco Javier Linde Cot. Profesor no Máster de Actividade física e saúde da Universitat de Barcelona; profesor no Máster do fisoterapeuta do equipo deportivo do FCB.
A Coruña, xullo 2023
Curso presencial e online

**Informática forense e peritaxe informático**
Director: David Santo Orcero. Decano do Colexio Profesional de enxeñaría; profesor asociado na Universidade de Málaga
A Coruña, xullo 2023
Curso presencial e online

**Plantas medicinais de Galicia**
Director: Damián Romay. Biológo, ecólogo, especialista en Evaluación Ambiental
A Coruña, setembro 2023
Curso presencial

**“As bestas”. Mediación no rural**
Directora: Cristina de la Torre. Produtora, guionista e realizadora
A Coruña, setembro 2023
Curso presencial e online

**Actualización metodolóxica na ensinanza da danza clásica III**
Directora: Paula de Castro Fernández. Catedrática de Danza Clásica no Centro Superior de Danza
A Coruña, outubro 2023
Curso presencial e online

**Ciclo de conferencias**
Varios autores a determinar
A Coruña, xullo-decembro 2023
Aberto ao público

**II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| **Gastos directos** | |
| Honorarios ponentes | 31.200,00 |
| Viaxes ponentes | 9.300,00 |
| Aloxamento e manutención ponentes | 9.500,00 |
| Medios técnicos: coordinación, streaming, gravación | 6.700,00 |
| Publicidade e difusión | 9.700,00 |
| Reprografía e material | 2.100,00 |
| Aluguer de espazos para a celebración dos cursos | 1.700,00 |
| *Total gastos directos* | *70.200,00* |
| **Gastos indirectos** | |
| Limpeza e desinfección locais | 1.600,00 |
| Gastos de persoal | 5.700,00 |
| *Total gastos indirectos* | *7.300,00* |
| **Total gastos** | **77.500,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Diputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como definese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 51,613 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 51,613 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias

para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

**2.-** Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

**VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun

dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

**2.-** Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

**3.-** Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á

protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondiente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no

lugar e data indicados no encabezamento."

(Entra no salón o Sr. Alfonsín Somoza).

**8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

**2.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **70.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para cofinanciar a *Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal* cun orzamento subvencionado de 102.143,64 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.**

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna.______________en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna.______________ en nome e representación da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

**1.-** Que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente dos de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón. Proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren a súa necesidade. Promover a participación do voluntariado para os dous fins anteriores.

Estes destinatarios finais son as "persoas mais desfavorecidas", as persoas físicas, familias ou agrupacións cuxa situación de dependencia económica está recoñecida polas autoridades competentes.

As principais actuación da entidade perseguen os obxectivos de desenvolvemento sostible: fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, redución das desigualdades.

**2.-** Constátase un cambio significativo no perfil de persoas que non poden garantir a súa alimentación xa que moitos solicitantes de axuda son persoas ocupadas polo que ter traballo xa non garante saír da pobreza. A precariedade e a inestabilidade laboral, o aumento do prezo de alimentos e subministros básicos, como a luz ou o alugueiro, poñen a moitas familias en situación de necesidade obxectiva. A porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social aumentou, segundo os parámetros fixados pola UE, oito décimas nun ano, ata acadar o 21,7 % da poboación.

**3.-** No ano 2022, o Banco de Alimentos Rias Altas repartiu 2.732.541 Kg/l de alimentos entre 156 entidades sociais, atendendo a 27.802 beneficiarios.

**4.-** Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

**5.-** Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos Rias Altas,** con CIF G70260906, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.***

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| Concepto | Importe |
|---|---|
| Adquisición de alimentos de primeira necesidade | 58.355,64 € |

| | | |
|---|---|---|
| Gastos 3 coordinadoras | Soldos e salario | 32.985,24 € |
| | Seguridade Social | 10.802,76 € |
| ***Total*** | | ***102.143,64 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

**1.** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 68,53%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,53 **%**, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Autorización** individual asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

**1.** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

**2.** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

**3.** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.** A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.** A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

**2.** Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

**3.** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2023: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **17.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2023: accións informativas e formativas,* cun orzamento subvencionado de 24.285 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 12 de maio de 2023.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2023: accións informativas e formativas.**

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna.______________en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna.______________ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

**1.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

**2.-** Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

**3.-** Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas
as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza,** con CIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2023: accións informativas e formativas.*

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE | |
|---|---|---|
| Gastos de persoal (nóminas e seguridade social) | | 18.300,00 € |
| Persoal técnico e administrativo | 17.300,00 | |
| Persoal xestión publicidade e difusión | 1.000,00 € | |
| Material difusión (memorias USB, cadernos/blocs,..) | | 2.000,00 € |
| Gastos da actividade (desprazamentos) | | 300,00 € |
| Gastos da actividade (subscrición plataforma dixital on line, difusión en redes sociais e plan de soporte de bases de datos) | | 1.100,00 € |
| Gastos xerais: | | 2.585,00 € |
| Subministracións (auga e electricidade) | 1.000,00 € | |
| Teléfono e internet: | 535,00 € | |
| Material oficina e informático: | 300,00 € | |
| Limpeza (nóminas e seguridade social): | 750,00 € | |
| **TOTAL** | | **24.285,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

**1.** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa

unha porcentaxe de 70%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o **70 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.** A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o

cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

*** Autorizacións individuais** asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

**1.** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

**2.** Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

**3.** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.** A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.** A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

**2.** Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin

da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

**3.** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**10.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, no marco do establecido na Base 12 aprobadas mediante acordo plenario do 25 de novembro de 2022, publicadas no BOP nº 228, do 1 de decembro do 2022.

Con cargo ao Plan fináncianse as solicitudes presentadas polos 93 concellos da provincia, que no caso do Concello de Monfero queda condicionada á presentación da ratificación plenaria da resolución da alcaldía.

O importe total da achega provincial aplicada ascende a 7.000.000 €, e o seu detalle por concello figura no Anexo I (achega provincial aplicada a gastos correntes) e no Anexo II (achega provincial aplicada a gasto de investimento) a este expediente.

A achega provincial fináncase con cargo ás aplicacións que se indican na seguinte táboa:

| Plan | Partida | Consignación | Proposta |
|---|---|---|---|
| POS+Adicional 1/2023 Gastos sociais extraordinarios | 0611/23126/76201 | 249.854,17 | 245.717,96 |
| | 0611/23126/46201 | 6.750.145,83 | 6.754.282,04 |

**2.-** Aprobar as achegas para financiar gastos correntes aos 93 concellos da provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo I a este expediente e dispor o seu pago con carácter de prepagable.

**3.-** Aprobar as achegas para financiar investimentos aos 24 concellos da provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo II a este expediente.

Estas achegas aboaranse no seu día, previa presentación da documentación xustificativa, segundo o establecido nas bases 12.5, 12.6, 12.7 e 12.9 das reguladoras do Plan.

**4.-** Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

**5.-** Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril.

**6.-** Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**7.-** Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.

**Anexo gasto corrente**

| EXPEDIENTE SOLICITUDE XERAL | CONCELLO | ACHEGA PROVINCIAL |
|---|---|---|
| 2022000050036 | Abegondo | 72.922,52 € |
| 2022000050037 | Ames | 157.314,02 € |
| 2022000050038 | Aranga | 55.083,36 € |
| 2022000050039 | Ares | 41.796,06 € |
| 2022000050040 | Arteixo | 170.180,98 € |
| 2022000050041 | Arzúa | 104.696,92 € |
| 2022000050029 | A Baña | 68.539,52 € |
| 2022000050042 | Bergondo | 55.882,47 € |

| | | |
|---|---|---|
| 2022000050043 | Betanzos | 70.149,17 € |
| 2022000050044 | Boimorto | 56.841,35 € |
| 2022000050045 | Boiro | 56.829,98 € |
| 2022000050046 | Boqueixón | 63.058,52 € |
| 2022000050047 | Brión | 71.268,69 € |
| 2022000050048 | Cabana de Bergantiños | 66.868,55 € |
| 2022000050049 | Cabanas | 40.058,87 € |
| 2022000050050 | Camariñas | 49.873,87 € |
| 2022000050051 | Cambre | 120.970,38 € |
| 2022000050030 | A Capela | 36.114,81 € |
| 2022000050052 | Carballo | 185.871,55 € |
| 2022000050053 | Cariño | 43.465,78 € |
| 2022000050054 | Carnota | 51.683,64 € |
| 2022000050055 | Carral | 56.968,65 € |
| 2022000050056 | Cedeira | 50.099,97 € |
| 2022000050057 | Cee | 61.668,93 € |
| 2022000050058 | Cerceda | 73.788,40 € |
| 2022000050059 | Cerdido | 33.372,18 € |
| 2022000050060 | Coirós | 34.801,38 € |
| 2022000050061 | Corcubión | 20.412,31 € |
| 2022000050062 | Coristanco | 92.561,64 € |
| 2022000050031 | A Coruña | 29.271,08 € |
| 2022000050063 | Culleredo | 148.165,54 € |
| 2022000050064 | Curtis | 58.075,59 € |
| 2022000050065 | Dodro | 30.153,51 € |
| 2022000050066 | Dumbría | 69.450,24 € |
| 2022000050067 | Fene | 72.534,08 € |
| 2022000050068 | Ferrol | 56.922,63 € |
| 2022000050121 | Fisterra | 29.660,89 € |
| 2022000050069 | Frades | 56.358,06 € |
| 2022000050070 | Irixoa | 41.400,00 € |
| 2022000050071 | Laxe | 37.109,56 € |
| 2022000050032 | A Laracha | 103.026,34 € |
| 2022000050072 | Lousame | 57.551,59 € |
| 2022000050073 | Malpica de Bergantiños | 56.813,52 € |
| 2022000050074 | Mañón | 47.237,76 € |
| 2022000050075 | Mazaricos | 95.262,72 € |
| 2022000050076 | Melide | 97.615,58 € |
| 2022000050077 | Mesía | 62.826,77 € |
| 2022000050078 | Miño | 46.740,10 € |
| 2022000050079 | Moeche | 32.900,00 € |
| 2022000050080 | Monfero | 78.472,84 € |
| 2022000050081 | Mugardos | 33.972,43 € |
| 2022000050082 | Muros | 70.814,39 € |

| | | |
|---|---|---|
| 2022000050083 | Muxía | 79.638,05 € |
| 2022000050084 | Narón | 173.029,90 € |
| 2022000050085 | Neda | 39.873,80 € |
| 2022000050086 | Negreira | 88.592,44 € |
| 2022000050087 | Noia | 76.075,63 € |
| 2022000050088 | Oleiros | 161.239,60 € |
| 2022000050089 | Ordes | 116.948,67 € |
| 2022000050090 | Oroso | 54.027,53 € |
| 2022000050091 | Ortigueira | 119.944,26 € |
| 2022000050092 | Outes | 73.225,63 € |
| 2022000050120 | Oza-Cesuras | 109.783,27 € |
| 2022000050093 | Paderne | 37.741,71 € |
| 2022000050094 | Padrón | 61.385,04 € |
| 2022000050119 | O Pino | 83.022,58 € |
| 2022000050033 | A Pobra do Caramiñal | 57.391,58 € |
| 2022000050095 | Ponteceso | 74.191,80 € |
| 2022000050096 | Pontedeume | 55.181,47 € |
| 2022000050034 | As Pontes de García Rodríguez | 145.427,52 € |
| 2022000050097 | Porto do Son | 57.617,57 € |
| 2022000050098 | Rianxo | 72.804,36 € |
| 2022000050099 | Ribeira | 133.621,79 € |
| 2022000050100 | Rois | 68.471,06 € |
| 2022000050101 | Sada | 75.000,00 € |
| 2022000050102 | San Sadurniño | 58.957,41 € |
| 2022000050103 | Santa Comba | 126.346,23 € |
| 2022000050104 | Santiago de Compostela | 124.847,93 € |
| 2022000050105 | Santiso | 55.657,79 € |
| 2022000050106 | Sobrado | 65.907,18 € |
| 2022000050035 | As Somozas | 48.079,91 € |
| 2022000050107 | Teo | 113.612,80 € |
| 2022000050108 | Toques | 50.069,87 € |
| 2022000050109 | Tordoia | 64.804,96 € |
| 2022000050110 | Touro | 79.206,87 € |
| 2022000050111 | Trazo | 63.577,33 € |
| 2022000050112 | Val do Dubra | 35.072,07 € |
| 2022000050113 | Valdoviño | 65.350,19 € |
| 2022000050114 | Vedra | 57.730,64 € |
| 2022000050115 | Vilarmaior | 23.583,43 € |
| 2022000050116 | Vilasantar | 38.200,02 € |
| 2022000050117 | Vimianzo | 108.092,52 € |
| 2022000050118 | Zas | 85.469,94 € |
| | | |
| **TOTAL ACHEGA PARA GASTO CORRENTE** | | **6.754.282,04 €** |

## Anexo gasto de investimento

| EXPEDIENTE SOLICITUDE XERAL | CONCELLO | EXPEDIENTE SOLIC. INVESTIMENTO | OBXECTO | ACHEGA PROVINCIAL APLICADA A GASTO INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| 2022000050036 | ABEGONDO | 2023000009863 | Equipamento técnico asistencial | 3.500,00 € |
| 2022000050038 | ARANGA | 2023000009588 | Equipamento técnico asistencial | 6.500,00 € |
| 2022000050045 | BOIRO | 2023000010152 | Equipamento técnico asistencial | 10.980,00 € |
| | | 2023000010156 | Equipamento servizos sociais | 43.342,06 € |
| | | | **TOTAL** | **54.322,06 €** |
| 2022000050052 | CARBALLO | 2023000009033 | Equipamento técnico asistencial | 10.000,00 € |
| 2022000050056 | CEDEIRA | 2023000009553 | Equipamento servizos sociais | 8.000,00 € |
| | | 2023000009839 | Equipamento técnico asistencial | 10.000,00 € |
| | | | **TOTAL** | **18.000,00 €** |
| 2022000050064 | CURTIS | 2023000010180 | Equipamento técnico asistencial | 7.900,00 € |
| 2022000050065 | DODRO | 2023000009368 | Equipamento servizos sociais | 3.000,00 € |
| 2022000050121 | FISTERRA | 2023000009621 | Equipamento técnico asistencial | 10.000,00 € |
| 2022000050070 | IRIXOA | 2023000009925 | Equipamento técnico asistencial | 600,00 € |
| | | 2023000009904 | Equipamento servizos sociais | 1.407,71 € |
| | | | **TOTAL** | **2.007,71 €** |
| 2022000050071 | LAXE | 2023000009610 | Equipamento servizos sociais | 2.119,92 € |
| 2022000050077 | MESIA | 2023000006354 | Equipamento técnico asistencial | 2.140,00 € |
| 2022000050078 | MIÑO | 2023000014432 | Equipamento servizos sociais | 3.484,39 € |
| | | 2023000010003 | Equipamento técnico asistencial | 3.470,02 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | **TOTAL** | **6.954,41 €** |
| 2022000050079 | MOECHE | 2023000008993 | Equipamento servizos sociais | 2.657,34 € |
| 2022000050081 | MUGARDOS | 2023000010168 | Equipamento técnico asistencial | 7.190,00 € |
| 2022000050087 | NOIA | 2023000003561 | Equipamento servizos sociais | 340,00 € |
| 2022000050090 | OROSO | 2023000008348 | Equipamento servizos sociais | 17.501,03 € |
| 2022000050093 | PADERNE | 2023000008793 | Equipamento servizos sociais | 1.328,37 € |
| | | 2023000008795 | Equipamento técnico asistencial | 1.649,99 € |
| | | | **TOTAL** | **2.978,36 €** |
| 2022000050097 | PORTO DO SON | 2023000009842 | Equipamento servizos sociais | 25.000,00 € |
| 2022000050101 | SADA | 2023000009939 | Equipamento servizos sociais | 8.835,85 € |
| 2022000050109 | TORDOIA | 2023000005520 | Equipamento servizos sociais | 5.583,22 € |
| 2022000050112 | VAL DO DUBRA | 2023000009511 | Equipamento servizos sociais | 18.000,00 € |
| | | 2023000009512 | Equipamento técnico asistencial | 17.000,00 € |
| | | | **TOTAL** | **35.000,00 €** |
| 2022000050113 | VALDOVIÑO | 2023000007202 | Equipamento técnico asistencial | 4.400,00 € |
| 2022000050115 | VILARMAIOR | 2023000009860 | Equipamento técnico asistencial | 2.000,00 € |
| | | 2023000009279 | Equipamento técnico asistencial | 5.000,00 € |
| | | | **TOTAL** | **7.000,00 €** |
| 2022000050116 | VILASANTAR | 2023000008122 | Equipamento técnico asistencial | 1.039,00 € |
| | | 2023000008126 | Equipamento servizos sociais | 1.749,06 € |
| | | | **TOTAL** | **2.788,06 €** |
| | **TOTAL ACHEGA PARA GASTO DE INVESTIMENTO** | | | **245.717,96 €** |

**11.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinaciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2023 e do correspondente convenio de colaboracion.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2023,* cun orzamento subvencionado de 255.911,06 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 15 de maio de 2023.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2023.***

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna.______________en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna.______________ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

**1.-** Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

**2.-** Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

**3.-** Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO,** con CIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2023.***

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **Concepto** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Gastos do persoal do piso de acollida VIH | Soldos e salarios | 107.927,80 € |
| | Seguridade Social | 34.428,80 € |
| Gastos do persoal do piso de inserción | Soldos e salario | 86.091,32 € |
| | Seguridade Social | 27.463,14 € |
| ***Total*** | | ***255.911,06 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

**1.** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **23,45 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten

consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **23,45 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.** A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

*** Autorizacións individuais** asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

**1.** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

**2.** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

**3.** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo

improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.** A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.** A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas

de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde

o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

**2.** Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

**3.** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación EXPONAV para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2023"**

**<u>VOTACIÓN</u>**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**<u>ACORDO</u>**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais

que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento e no capítuo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019). Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.

- A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades martítimas.

- O Museo atópase moi comprometdio coa comunidade educativa, a divulgación da cultura entre as novas xeracións é un obxectivo fundamentela. Unha mostra son as visitas dos centros educativos e os obradoiros divulgativos e científicos, dirixido aos nenos e nenas da comarca e de diferentes puntos da xeografía galiega.

- Por outra bada é preciso continuar co compromiso cultural adquirido coa sociedade de ferrolterra e da comunidade galega non soamente a través do museo senón con diversos obradoiros, exposición, visitas, xornadas, conferencias, integración da comunidade educativa o que supón facerse cada vez máis presente na vida cultural e social.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto “Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcións Naval”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 125.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Soldos e salarios incluida Seguridade Social | 100.500,00€ |
| Mantemento | 20.000,00 € |
| Servicios Externos | 16.250,00 € |
| Actualización expos permanentes | 4.550,00 € |

| | |
|---|---|
| Publicacións/Publicidade | 11.450,00 € |
| Material non inventariable | 3.500,00 € |
| **TOTAL** | **156.250,00 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe de 80**%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80**%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboraión da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específia ou convenio regulador determiaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñeceer o importe e porcentaxe do financiamento provinial da actividade ou proxecto subvenionado.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que presenten a seguinte documentación:

1º .- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o segundo semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o segundo semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá

quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de abril do ano 2024**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.

2. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de marzo de 2024.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha

comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de 2020.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),"

**13.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar "XXXIX Mostra da Olería de Buño 2023"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

1. A actividade subvencionada ao Concello da Malpica de Bergantiños, relativa á “XXXIX Mostra da Olería de Buño 2023” pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da vila oleira, da comarca de Bergantiños e da área xeográfica da

Costa da Morte. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Buño.

2. Todas as actividades están encamiñadas a visibilizar o traballo da muller na olería mediante a realización de varias actividades

3. As razóns de interese público son evidentes, por ser un sector económico propio, por ser un sector tradicional que se desapareces desaparecería consigo todo ese saber tradicional e desaparecería unha olería de tradición milenaria. Está tamén influindo na cultura e o turismo, polo que é un sector transversal.

4. É preciso sinalar que a Mostra da Olería na súa longa traxectoria converteuse nun referente dos eventos de promoción da artesanía tradicional galega, evidenciándose no recoñecemento ao estar declarada Festa de Interese Turístico.

5. Por outra banda hai que destacar que a olería tradicional de Buño é a única olería que queda en toda a provincia da coruña

6. Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, xurde do Concello de Malpica de Bergantiños como evento dinamizador do comercio, fomentando a visita e compra no comercio e, en xeral, na promoción económica da comarca. O fundamento da actuación provincial está na necesidade de apoiar e estimular desde as institucións públicas aquelas actuacións, sexan públicas ou privadas, tendentes a coadxuvar na mellora dos territorios, tanto no seu aspecto territorial como no socioeconómico.

7. Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para cofinanciar "XXXIX Mostra da Olería de Buño 2023" cunha achega provincial de 80.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamanto de 100.000,00 €

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instumenta unha subvención nomintiva para o cofinaniamento do proxecto "XXXIX Mostra de Oleria de Buño 2023"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE MALPICA DE

BERGANTIÑOS

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS**, CIF P1504400A fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto " XXXIX Mostra da Olería de Buño 2023", que se celebrará entre os días do **3, 4, 5 e 6 de agosto de 2023.**

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| ACTIVIDADES | IMPORTE |
|---|---|
| Aluguer stands/carpas | 11.000,00 € |
| Material gráfico/imprenta/fotografía | 4.500,00 € |
| Publicidade | 26.000,00 € |
| Coordinación publicitaria | 2.000,00 € |
| Animacións promocionais | 2.000,00 € |
| Montaxe e desmontaxe mostra | 2.000,00 € |
| Instalación eléctricas | 3.000,00 € |
| Aluguer equipos de son | 4.000,00 € |
| Aluguer escenarios, trust | 6.000,00 € |
| Sinalizacións exteriores olería | 2.000,00 € |
| Outros acondicionamentos | 3.000,00 € |
| Actividades: eventos, animación actuacións | 12.800,00 € |
| Outras actividades paralelas | 2.000,00 € |
| Subministros (madeira, ferretería…) | 1.000,00 € |
| Decoración (atrezzo, pezas de barro…) | 2.000,00 € |
| Seguridade mostra | 2.000,00 € |
| Aluguer equipos /tren turístico | 2.700,00 € |
| Servizo de azafatas e monitores obradoiros barro | 5.500,00 € |
| Organización e control mob | 4.000,00 € |
| Outros gastos (día do neno,…) | 2.500,00 € |
| TOTAL | 100.000,00 € |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000,00** €, o que representa unha porcentaxe de **80%** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. . Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvenións e transparencia queda establecido que ademais de facer constar a colaboraión da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específia ou convenio regulador determiaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñeceer o importe e porcentaxe do financiamento provinial da actividade ou proxecto subvenionado.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DEMALPICA DE BERGANTIÑOS.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridde Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MESE antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.-O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade

autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2.-A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha

das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2024** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2024**,

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de

Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de xullo de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación O representante do CONCELLO DE"

**14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar as "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga 2023"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- As actividades propostas polo Concello de Mesia enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.

- Segundo a memoria presentada pola concello  a natureza do evento  consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos organizando as seguintes actividades:

- Converter o lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outros novos.

- Achegar á poboación ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.

- Posibilidade de visitas libres e visitas guiadas que poñen en valor os recursos culturais e naturais existentes.

- Contempla un uso educativo cara a formación de escolares no respecto ao medio ambiente e o seu coñecemento.

- Obradoiros e talleres para estudantes, dende infantil ata secundaria inclusive, espertando neles un interese cultural e medioambiental

- Exposicións e proxeccións relacionada coa temática da Aula da Natureza-Museo Etnográfico.

- Programa expositivo permanente e temporal.

- Asi mesmo pretende recuperar entornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación  que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia.

- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” ano 2023 por importe de 60.000,00 € incluído no orzamento da Deputación para o 2023 e con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 75.000,00 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

En  A Coruña a

**REUNIDOS**

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA**, **CIF P1504800B**, para o financiamento das “Actividades na aula da natureza- Museo Etnográfico das Brañas da Valga” ano 2023.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| **GASTOS DE PERSOAL** | **62.900,16 €** |
| Peón de xardinería | 22.056,96 € |
| Peón de xardinería | 22.058,08 € |
| Monitor de tempo libre | 18.585,12 € |
| | |
| **GASTOS CORRENTES** | **12.099,84 €** |
| Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc. | 1.000,00 € |
| Material para obradoiros, talleres, etc. | 1.526,75 € |
| Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc. | 1.000,00 € |
| Conferencias e charlas | 300,00 € |
| Produtos de limpeza | 851,77 € |
| Electricidade e teléfono | 2.100,00 € |
| Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables) | 1.038,71 € |
| Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes | 600,95 € |
| Alimentación e repoboación da fauna existente | 1.000,00 € |
| Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais | |

| | |
|---|---|
| equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.) | 1.681,66 € |
| Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade… | 1.000,00 € |
| **TOTAL** | **75.000,00 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

O CONCELLO DE MESIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a

CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1 O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2023, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin**.

2. O CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2024.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que

xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación O representante do CONCELLO DE MESÍA"

**15.- Aprobación do convenio de colaboración que instrumenta a concesión dunha subvención nominativa coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2023"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

O colectivo das persoas con discapacidade é un colectivo cunhas especiais dificultades de inserción, tal e como avalan os datos publicados nos informes anuais do Mercado de Traballo publicados polo observatorio das ocupacións - Servizo público de Emprego - Ministerio de Emprego e Seguridade Social, dos que destacan os seguintes:

- As persoas con discapacidade asinaron na provincia no ano 2021 un total de 7.971 contratos de traballo.

Isto supuxo unha leve subida na contratación fronte o ano anterior, no que asinaran un 20% menos de contratos (1.640 contratos)
- A taxa de temporalidade dos contratos das persoas con discapacidade situouse no 90 % .
- O colectivo das Persoas con discapacidade é o colectivo coa taxa de contratación menor (2,15) e o colectivo máis castigado polo desemprego, e dicir, ten a maior porcentaxe de parados de longa duración, co 64,70%, superando ao seguinte colectivo en 8 puntos porcentuais

- No conxunto de Estado os contratos asinados polas persoas con discapacidade no 2021 representaron o 1.59 % do total dos contratos.

COGAMI desenvolve accións encamiñadas a mellora da inserción laboral das persoas con discapacidade, contribuíndo dende o ano 1996 (ano no que comezamos a rexistrar datos) ao logro de preto de 44.000 insercións laborais de persoas con discapacidade no territorio galego, de xeito concreto, no ano 2022, na provincia da Coruña, as nosas accións lograron a firma de 901 contratos de persoas con discapacidade.

Ademais dos propios resultados do servizo, o valor social ven acreditado tamén por algúns aspectos característicos do propio servizo:

- O Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI conta cunha base de datos propia de persoas con discapacidade que realizan actividades vinculadas a busca activa de emprego, que a finais do 2022 contaba con 7.895 da provincia da Coruña, mais do dobre que no servizo público de emprego.

- Préstase directamente na contorna próxima da persoa, grazas á figura dos orientadores rurais que se desprazan ao conxunto das comarcas da provincia, o que incide directamente na dinamización do conxunto do territorio.

- No se perde a perspectiva do conxunto do territorio ao contar con obxectivos de resultados vinculados ao conxunto do territorio, e que teñen en conta as características propias de cada zona.

O obxectivo xeral da entidade é:

- Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado de traballo das persoas con discapacidade a través do desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas cara a inserción social e laboral.

Os obxectivos específicos son:

- Informar, asesorar, formar e capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego.
-
- Aumentar o nivel de autonomía na busca de emprego, o incremento da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na procura de emprego.
-

O Servizo de Intermediación Laboral ten preto de 18.298 persoas usuarias. De xeito concreto, actualmente na provincia da Coruña suman algo mais de 8059 persoas.

O perfil da persoa desempregada con discapacidade/incapacidade laboral é o seguinte:

- Parada/o de longa duración.
-
- Sen experiencia profesional previa.
-
- Non coñece o mercado laboral.
-
- Busca de emprego a idade avanzada e descoñecemento de técnicas de procura de emprego.
-
- Escaso nivel formativo/Escasa cualificación profesional.
-
- Sen proxecto formativo definido.
-
- Falta de confianza para atopar emprego- Pon trabas á súa inserción/pensión.

3º.-A non obtención da financiación necesaria para o mantemento do servizo, o cal sinalar que non é financiable baixo convocatoria ordinaria da Deputación, por ser diferentes as accións que se desenvolven no noso servizo fronte as esixidas na convocatoria (itinerarios personalizados de emprego), suporía unha significativa perda de oportunidades de emprego para o colectivo das persoas con discapacidade, cun impacto directo e significativo nos resultados provinciais relativos ao número de contratos asinados polas persoas con discapacidade.

Dado o elevado valor e impacto social do servizo, consideramos necesario manter e potenciar o desenvolvemento do mesmo.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2023” A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 105 .000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 22,5355 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de “Servizo de Intermediación Laboral 2023”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que "Servizo de Intermediación Laboral 2023" ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
.
2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2023".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| GASTOS | IMPORTE |
|---|---|
| **GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):** | 447.312,59 € |
| Persoal de orientación | 372.114,12 € |
| Persoal complementario (Traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos…) | 42.277,77 € |
| Persoal de coordinación | 19.255,06 € |
| Persoal de xestión económica | 13.665,64 € |
| **GASTOS XERAIS:** | 18.617,72 € |
| Aprovisionamentos | 1.714,69 € |
| Reparacións e mantemento | 2.750,57 € |
| Subministros | 5.056,55 € |
| Comunicacións | 2.343,91 € |
| Gastos de desprazamentos | 5.857,47 € |
| Outros servizos externos | 894,53 € |
| **TOTAL** | **465.930,31 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **105.000,00** € o que representa unha porcentaxe de **22,53555%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 22,53555 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON

DISCAPACIDADE (COGAMI).

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade

financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o

Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos

devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de xuño de 2024.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE"

**16.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 0206 Senda Peonil en Biduido (AMES), incluído no Plan de Sendas Peonis 2021, sexta fase.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 SEXTA FASE cun orzamento total de 133.896,64.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900, integrada polo proxecto que

se detalla:

| *CODIGO* | DENOMINACÓN | MUNICIPIO | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900 |
|---|---|---|---|
| 2021.1170.0008.0 | ACTUALIZACIÓN DE PREZOS DO PROXECTO DP0206 SENDA PEONIL EN BIDUIDO | AMES | 133.896,64 |

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletin Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**17.- Aprobación da Actualización de prezos do proxecto da obra DP 8202 de Galanas a Cacheiras Terminación ampliación da plataforma e mellora do trazado punto quilométrico 3+500 ao 4+240 (TEO), incluído no Plan de Investimentos 2021, sexta fase**

**<u>VOTACIÓN</u>**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**<u>ACORDO</u>**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da Sexta Fase do Plan de Vías Provinciais 2021 como consecuencia da actualización de prezos do proxecto DP 8202 TERMINACIÓN AMPLIACIÓN DÁ PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DÁ DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS, P.Q. 3 500 AO 4 240 cun orzamento d e 5 6 1 . 2 1 5 , 6 2 euros e con cargo a aplicación 0 4 1 0 / 4 5 3 1 / 6 0 9 0 0 e cuxos datos son os seguintes:

| CODIGO | DENOMINACIÓN | MUNICIPIO | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900 |
|---|---|---|---|
| 2021.1110.0007.2 | ACTUALIZACION DE PREZOS DO PROXECTO DP 8202 TERMINACIÓN AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DA DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS, P.Q. 3+500 AO 4+240 | TEO | 561.215,62 |

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletin Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**18.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2023, segunda fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2023, SEGUNDA FASE cun orzamento total de **923.074,13**.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900,integrado polos proxectos que se detallan:

| CÓDIGO | DENOMINACION DA OBRA | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2023.1100.0034.0 | DP 1105 NOIA A BOIRO. MELLORA DA CAPA DE RODADURA CON MEZCLA BITUMINOSA EN QUENTE,PUNTO QUILOMÉTRICO 5+550 AO 12+990 (LOUSAMEE BOIRO) | 923.074,13 |

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**19.- Aprobación do Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2023, quinta fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2023, QUINTA FASE cun orzamento total de 1.676.329,42. - euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 , integrado polos proxectos que se detallan:

| CÓDIGO | DENOMINACION DA OBRA | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2023.1110.0007.0 | DP 0105 CORTIÑAN A VILACOBA. ADECUACIÓN TRAMO ESTRADA PQ 0+000 A PQ 0+260 A ÚNICOSENTIDO (BERGONDO) | 213.972,24 |
| 2023.1110.0008.0 | DP 1603 DE PONTE DO PORTO A QUINTANS.- ACONDICIONAMENTO AO SEU PASO POLA TRAVESÍA DE A PONTE DO PORTO DO PUNTO QUILOMÉTRICO 0+330 AO 0+740 (CAMARIÑAS EVIMIANZO) | 732.542,25 |
| 2023.1110.0011.0 | REURBANIZACIÓN DA RÚA COMPOSTELA.- DP 1914 (CARBALLO) | 211.266,61 |
| 2023.1110.0012.0 | DP 3801 SIGÜEIRO A SAN AMARO, REMODELACIÓNNA AVENIDA DE GARABANXA (OROSO) | 518.548,32 |
| | TOTAL…………….. | 1.676.329,42 |

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

**20.- Aprobación do proxecto da obra DP 4701 De Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria punto quilométrico 0+923 ao 5+478 (MESIA) --ACTUALIZADO--; incluído no Plan de Investimentos 2022, sexta fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022, SEXTA FASE cun orzamento total de 1.888.105,97.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

| CÓDIGO | DENOMINACION | CONCELLO | PRESUPOSTO |
|---|---|---|---|
| 2022.1110.0007.0 | DP 4701 DE CASTRO Á ESTRADA N-634 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PQ 0+923 AO 5+478. ACTUALIZACION DE PREZOS | MESÍA | 1.888.105,97 € |

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletin Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**21.- Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 0605 punto quilométrio 5+900 ao 6+530 (TOURO), incluído no Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2023, sexta fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO DE PROVINCIAIS 2023 SEXTA FASE cun orzamento total de 347.551,69.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

| CÓDIGO | DENOMINACION | MUNICIPIO | PRESUPOSTO | EXPROPIACION |
|---|---|---|---|---|
| 2023.1110.0009.0 | MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP0605, PQ 5+900 AO 6+530 | TOURO | 347.551,69 | 7.648,91 |

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

| CÓDIGO | DENOMINACION | MUNICIPIO | PRESUPOSTO | EXPROPIACION |
|---|---|---|---|---|
| 2023.1110.0009.0 | MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP0605, PQ 5+900 AO 6+530 | TOURO | 347.551,69 | 7.648,91 |

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**22.- Aprobación da adxudicación do contrato de subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, mediante arrendamento con mantemento ("renting")**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 12 de maio de 2023 en relación co expediente PCO.001.2022.00521 acordou admitir na licitación a seguinte oferta:
1 EMPRESA MONFORTE, S.A.U.

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 12 de maio de 2023 en relación co expediente PCO.001.2022.00521, visto o informe emitido pola Unidade Xestora no que se indicaba que a oferta presentada cumpría o prego, propuxo adxudicar o contrato a EMPRESA MONFORTE, S.A.U.

3º.- Mediante Resolución da Presidencia 19440 de data 15 de maio de 2023 requiriuse a EMPRESA MONFORTE, S.A.U. para que presentara a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida, polo que PROCEDE:

1º) Adxudicar mediante procedemento aberto cunha pluralidade de criterios de adxudicación, todos eles de avaliación automática, suxeito a regulación harmonizada, o contrato de subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, mediante arrendamento con mantemento (“*renting*”), expediente PCO.001.2022.00521, a EMPRESA MONFORTE, S.A.U. con domicilio en Cotón de Arriba, 2; código postal 27297, LUGO e NIF A15019243, nas seguintes condicións:

1.1 Información do contrato:
Tipo de contrato: subministración

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios

1.2 Prezo do contrato:

- Prezo sen IVE: 314.680,00 €
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21 %: 66.082,80 €
- Prezo TOTAL IVE incluído: **380.762,80 €**

1.3 Duración do contrato: A duración do contrato de *renting* é de catro anos desde a formalización da acta de entrega dos vehículos novos, que deberá realizarse no prazo máximo de seis meses desde o día seguinte á formalización do contrato.

Os vehículos provisionais deberán entregarse no prazo dun mes desde o día seguinte á formalización do contrato, polo que a duración máxima desta prestación é de cinco meses.

En consecuencia, a duración do contrato é de 54 meses desde o día seguinte á formalización do contrato: 1 mes para a entrega dos vehículos provisionais, 5 meses para a utilización dos vehículos provisionais e 48 meses para o *renting* dos vehículos novos

1.4 Prazo de entrega: O prazo de entrega dos vehículos novos é de seis meses dende o día seguinte á data de formalización do contrato en documento administrativo. Entre tanto, está prevista a entrega provisional de vehículos usados durante os cinco meses anteriores á entrega dos vehículos novos.

1.5 Condicións da oferta:

| **A.- Vehículos híbridos enchufables, tipo berlina** |
|---|

| Marca e modelo: Peugeot 508 Allure Plug In Hybrid 225 EAT8 | |
|---|---|
| Asistente de emerxencia e asistente de tráfico, con mantemento de carril e aviso de ángulo morto con sistema de control adaptativo | SI |
| Asistente de aparcamento con sensores dianteiros e traseiros | SI |
| Asentos tapizados en coiro | SI |
| Cantidade de emisións de CO2 (Acreditado mediante certificado de homologación de tipo de vehículo expedido polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (epígrafe 3.5 da ficha de características técnicas do vehículo ofertado)<br>Expresión: emisións de CO2 en masa (ciclo mixto) medido en gramos/quilómetro | Mínimo 25 gramos por quilómetro<br><br>Máximo 31 gramos por quilómetro |

| Oferta económica | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A | B | C | D | E |
| DESCRICIÓN | COTA UNITARIA MENSUAL | Número de vehículos | PREZO MENSUAL (A x B) | PREZO ANUAL (C x 12 meses) | PREZO TOTAL 48 MESES (C x 48 meses) |
| Prezo sen IVE | 795,00 | 7 | 5.565,00 | 66.780,00 | 267.120,00 |
| IVE | 166,95 | | 1.168,65 | 14.023,80 | 56.095,20 |
| **Prezo IVE incluído** | **961,95** | | **6.733,65** | **80.803,80** | **323.215,20** |

| A.- Vehículos híbridos enchufables, tipo berlina | | |
|---|---|---|
| Quilometraxe máximo anual por vehículo sen cargo adicional | | |
| A | B | C |
| Oferta | Mínimo | Diferenza (A –B) |
| 135.000 quilómetros anuais | 35.000 quilómetros anuais | 100.000 quillómetros anuais |

| A.- Vehículos híbridos enchufables, tipo berlina | | |
|---|---|---|
| Prezo por quilómetro para os quilómetros que excedan a quilometraxe anual contratada | | |
| A | B | C |
| Prezo sen IVE | IVE | Prezo total (A + B) |
| 0,00 | 0,00 | 0,00 |

| A.- Vehículos híbridos enchufables, tipo berlina | | |
|---|---|---|
| Prezo por quilómetro para os quilómetros que non acaden a quilometraxe kilometraje anual contratada | | |
| A | B | C |
| Prezo sen IVE | IVE | Prezo total (A + B) |
| 0,03 | 0,006 | 0,036 |

| A.- Vehículos híbridos enchufables, tipo berlina | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Condicións na entrega de vehículos provisionais**<br>Pon ao dispor da Deputación os vehículos tipo berlina que se indican a continuación, durante o prazo que medie entre a formalización do contrato e a entrega dos novos vehículos: | | | | | **Prezo de arrendamento vehículos provisionais** |
| **Vehículo** | **marca** | **modelo** | **data de matriculación** | **quilometraxe** | **prezo unitario mensual IVE incluído** |
| Vehículo 1 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 191.121 | 242,00 |
| Vehículo 2 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 130.662 | 242,00 |
| Vehículo 3 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 152.505 | 242,00 |
| Vehículo 4 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 140.192 | 242,00 |
| Vehículo 5 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 137.010 | 242,00 |
| Vehículo 6 | Volkswagen | Passat | 27 de marzo de 2018 | 153.390 | 242,00 |
| Vehículo 7 | Volkswagen | Passat | 3 de xaneiro de 2018 | 120.223 | 242,00 |
| **Total** | | | | | **0,00** |

| B.- Vehículo 100% eléctrico | |
|---|---|
| **Marca e modelo: Peugeot e-TRAVELLER Business eléctrico 100kw Standard** | |
| Asistente de aparcamento con sensores dianteiros e traseiros | SI |
| Cantidade de emisións de $CO_2$ (Acreditado mediante certificado de homologación de tipo de vehículo expedido polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (epígrafe 3.5 da ficha de características técnicas do vehículo ofertado)<br>Expresión: emisións de $CO_2$ en masa (ciclo mixto) medido en gramos/quilómetro | 0 gramos por quilómetro |

**Oferta económica**

| | A | B | C | D | E |
|---|---|---|---|---|---|
| **DESCRICIÓN** | **COTA UNITARIA MENSUAL** | **Número de vehículos** | **PREZO MENSUAL (A x B)** | **PREZO ANUAL (C x 12 meses)** | **PREZO TOTAL 48 MESES (C x 48 meses)** |
| Precio sen IVE | 845,00 | 1 | 845,00 | 10.140,00 | 40.560,00 |
| IVE | 177,45 | | 177,45 | 2.129,40 | 8.517,60 |
| **Prezo IVE incluído** | **1.022,45** | | **1.022,45** | **12.269,40** | **49.077,60** |

| B.- Vehículo 100% eléctrico | | |
|---|---|---|
| **Quilometraxe máximo anual por vehículo sen cargo adicional** | | |
| **A** | **B** | **C** |
| **Oferta** | **Mínimo** | **Diferencia (A –B)** |
| 115.000 quilómetros anuais | 15.000 quilómetros anuais | 100.000 quilómetros anuais |

| B.- Vehículo 100% eléctrico | | |
|---|---|---|
| **Prezo por quilómetro para os quilómetros que excedan a quilometraxe anual contratada** | | |
| **A** | **B** | **C** |
| **Prezo sen IVE** | **IVE** | **Prezo total (A + B)** |
| 0,00 | 0,00 | 0,00 |

| B.- Vehículo 100% eléctrico | | |
|---|---|---|
| **Prezo por quilómetro para os quilómetros que non acaden a quilometraxe kilometraje anual contratada** | | |
| **A** | **B** | **C** |
| **Prezo sen IVE** | **IVE** | **Prezo total (A + B)** |
| 0,03 | 0,006 | 0,036 |

1.6 Outras condicións da oferta:

| **CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ASISTENCIA E MANTENIMIENTO** | | |
|---|---|---|
| **Prazos de reparación de avarías** | | |
| **Prazos máximos segundo o prego** | **Oferta** (en días hábiles) | **Redución** (en días hábiles) |
| Mantemento ordinario: 2 días hábiles | **0,5 días** | 1,5 días |
| Reparación mecánica: 2 días hábiles | **1 día** | 1 día |
| Reparación de chapa e pintura que non impida a circulación: 3 días hábiles | **2 días** | 1 día |
| Reparación de chapa, pintura e mecánica que impida a circulación: 10 días hábiles | **5 días** | 5 días |
| **Prazo de substitución de vehículos** | | |
| **Máximo segundo o prego** | **Oferta** (en horas) | **Redución** (en horas) |
| Cláusula 6 PPT: 72 horas | **24 horas** | 48 horas |
| **Coberturas do seguro** | | |
| **Risco** | **Mínimo segundo o prego** | **Oferta** (en euros) |
| **Falecemento** | 12.000,00 € | **120.000,00 €** |
| **Invalidez** | 12.000,00 € | **120.000,00 €** |
| **Asistencia médica** | Ilimitada en centros concertados<br>3.000,00 € en centros alleos | **Ilimitada en centros concertados<br>6.000,00 € en centros alleos** |

1.7 Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0115/92013/204 do seguinte modo:

| Concepto | anualidade | Nº operación | presuposto | prezo mensual | imputación | economía |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 vehículos provisionais, 5 meses | 2023 (5 meses) | A 220230013464 | 28.000,00 | 1.694,00 | 8.470,00 | 19.530,00 |
| *Renting* 8 vehículos, 48 meses | 2023 (1 mes) | A 220230013465 | 9.040,00 | 6.733,65 + 1.022,45 | 7.756,10 | 1.283,90 |
| | 2024 (12 meses) | AP 220239000095 | 108.480,00 | | 93.073,20 | 15.406,80 |
| | 2025 (12 meses) | | 108.480,00 | | 93.073,20 | 15.406,80 |
| | 2026 (12 meses) | | 108.480,00 | | 93.073,20 | 15.406,80 |
| | 2027 (11 meses) | | 99.440,00 | | 85.317,10 | 14.122,90 |
| **total** | | | **0,00** | | **00** | **00** |

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, financiarase segundo o disposto no art. 174 del Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que ao efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos polo importe que se lle indique.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente."

**23.- Aprobación da rectificación do INVENTARIO da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2022.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 12 deputados/as (PP)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

**"PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2022:

## Altas no inventario:

| Resolución de Presidencia número | Concepto | Epígrafe do inventario no que causa alta |
|---|---|---|
| 7520 de 10 de febreiro de 2022 | Resolución pola que se aproba a alta no inventario de 4 vehículos para cesión a entidades sen ánimode lucro | 5 |
| 7930 de 11 de febreiro de 2022 | Resolución pola que se aproba a alta no inventariode 15 CPUS | 7.2 |
| 10082 de 23 de febreiro de 2022 | Resolución pola que se aproba a alta no inventariodun escaner cenital | 7.2 |
| 25533 de 27 de maio do 2022 | Resolución pola que se aproba a alta no inventariodunha rozadora de martelos | 7.3 |

## Baixas no inventario:

| Resolución de Presidencia número | Concepto | Epígrafe do inventario no que causa baixa |
|---|---|---|
| 7345 de 10 de febreiro de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa no inventario dun conxunto de material informáticoobsoleto | 7.2 |
| 33904 de 1 de agosto de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa noinventario de 3 desbrozadoras | 7.2<br>7.3 |
| 35110 de 12 de agosto de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa noinventario dunha destrutora de documentos | 7.2 |
| 35688 de 22 de agosto de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa noinventario dunha cabina de tractor | 5 |
| 36954 de 31 de agosto de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa noinventario dunha serie de equipos informáticos | 7.2 |
| 37542 de 6 de setembro de 2022 | Resolución pola que se aproba a baixa noinventario de catro cadeiras e unha mesa | 7.1 |

## Modificacións no inventario:

| Resolución de Presidencia número | Concepto | Epígrafe do inventario no que causa baixa | Epígrafe do inventario no que causa alta |
|---|---|---|---|
| 13255 de 13 de marzo de 2022 | Resolución pola que se aproba a alta no inventario de 3 faxes para o museo de máquinas de oficina como mobles de carácter histórico | 7.2 | 3 |

Incorpórase como anexo ao presente acordo Inventario completo de Bens e Dereitos da Deputación Provincial da Coruña coa rectificación acordada.

**SEGUNDO:** Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia, de conformidade co preceptuado no artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 17 e 31 a 35 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña a efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno."

**24.- Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Ferrol para a achega do medio propio "Empresa de Transformación Agraria SA, SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade pública e ornato no concello de Ferrol.**

<u>INTERVENCIÓNS</u>

<u>Sr. Lema Suárez</u>

Nós ímonos abster neste punto. Para motivar brevemente a nosa abstención, como xa comentamos no seu día, cando se establecera un convenio con TRAGSA para a mesma finalidade no Concello da Coruña, estábase sentando un perigoso precedente, que é que esta Deputación, que tantas veces neste Pleno fala en termos de restrición da súa actuación a aquilo que se considera competencia propia, destine os seus recursos a unha finalidade como unha actuación de limpeza nun gran concello. Eu creo que, desde logo, non é o que se presume que debe facer a Deputación da Coruña e un concello que, non se nos escapa tamén, comparte a mesma sigla política que a dirección da Deputación.

Nós, por estas razóns, por analoxía co acontecido tamén nun caso moi semellante a este, no Concello da Coruña, como diximos daquela que se establecía un perigoso precedente que mañá pode apelar a el calquera outro o concello da Coruña, imos absternos neste punto dalgunha maneira tamén porque é a consideración que ten a nosa xente de Ferrol en Común, aínda que por suposto compartamos a finalidade á que se vai destinar e tamén aquelas dúbidas de carácter técnico que se expresan nos informes.

Nada máis e grazas.

<u>Sr. Presidente</u>

Simplemente aclarar que o que para vós é un perigoso precedente para nós é un interesantísimo precedente. Falamos de adxudicar un contrato a unha empresa cen por cen pública e, polo tanto, considerado pola avogacía do Estado medio propio, considerado pola lexislación básica medio propio e, polo tanto, sen ningún tipo de dúbidas buscando a axilidade administrativa, respectando o voso criterio pero, en calquera caso, sempre que poidamos servir aos 93 concellos mediante este método, que teñamos claro que imos intentar facelo, porque entendemos que non é un mal resultado e, en calquera caso, ten todo o control a Intervención Xeral do Estado esta empresa pública ao cen por cento.

Pasamos entón á votación.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado(Marea Atlántica)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e Disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto á necesidade de realizar accións urxentes  ambientais, de salubridade pública e ornato

2.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do informe que consta no expediente, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións urxentes  ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio de Ferrol que non poden ser atendidas por procedementos de contratación.

3.- Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

4.- TRAGSA deberá acreditar con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do encargo.

5.- No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación deberá cumprir os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidos polo Concello de Ferrol.

7.- Realizar por parte da Deputación provincial da Coruña o Plan Estratéxico de Encargos a Medios Propios, onde se definan o ámbito obxectivo e subxectivo do mesmo, as prioridades e os requisitos para realizar os encargos a medios propios tendo en conta que debe compaxinarse cos principios de libre concorrencia e liberdade de mercado.

8.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Ferrol para a achega do medio propio Empresa Transformación Agraria S. a., SME, MP (TRAGSA) para a realización de accións urxentes  ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio de Ferrol.

9. Encomendar a TRAGSA como medio propio a realización de actuacións urxentes ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio de Ferrol, de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo

de duración do encargo un máximo de seis meses.

A empresa pública TRAGSA encargarase de realizar as seguintes tarefas:

1. Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.
2. Proporcionar ao Concello de Ferrol e á Deputación Provincial información periódica (mensualmente) sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.
3. Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

10.- Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

11- Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Ferrol, de acordo co establecido nas cláusulas 2, 3, 4 e concordantes do convenio.

12.- Condicionar a formalización do convenio a:

• A presentación por parte do concello de Ferrol da seguinte documentación requirida mediante oficio remitido o 08/05/2023:

*1. Acreditación da designación do representante ante a Deputación, con indicación do nome e apelidos e DNI, no caso de delegación.*
*2. Acreditación documentada con datos económicos e estimación de custos da maior eficiencia económica do encargo que se pretende, fronte a posibilidade de que o Concello de Ferrol proceda a licitación pública das prestacións que constitúen o seu obxecto garantindo así a aplicación do principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos ( artigo 7 da Lei orgánica de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e artigo 3.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público).*

*3. Xustificación da inexistencia de contratos co mesmo ou similar obxecto de actuación.*
*4. Determinación e, de ser o caso, cuantificación das prestacións esixidas á Deputación contidas na cláusula segunda do convenio proposto referidas á "Prestar o apoio técnico necesario para a definición das actuacións e a supervisión técnica da súa execución"*
*5. Incorporación dos informes de Secretaría e Intervención valorativo das anteriores consideracións.*
*6. Acreditación de que o medio propio TRAGSA dispón de medios persoais e materiais suficientes e idóneos para realizar as prestacións (requisito esixido polo artigo 86.2 da Lei de Réxime xurídico do sector público para os medios propios de carácter estatal), e de que non excederá na prestación deste servizo da porcentaxe límites de subcontratación.*

• Remisión da documentación ao Servizo de Fiscalización, previo informe do Servizo de Patrimonio e Contratación, para verificar a documentación presentada.

• Aprobación por Resolución de Presidencia do cumprimento da condición exposta.

ANEXO

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL, PARA A APORTACIÓN DO MEDIO PROPIO "Empresa de transformación agraria S.AI, SME, MP (TRAGSA)", PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS URXENTES MEDIOAMBIENTAIS, DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ORNATO, NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL.**

Na Coruña, a

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Valentín Gonzalez Formoso, en calidade de Presidente, en nome e representación da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, nomeado en sesión constitutiva da Corporación Provincial, de data 1 de xullo de 2019, e con facultades bastantes para o presente acto en virtude do seu cargo, ao abeiro do artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E, doutra parte, don Angel Manuel Mato Escalona, en calidade de Alcalde, en nome e representación do Concello de Ferrol, con CIF P1503700E, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; os artigos 21 e 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambalasdúas partes recoñécense capacidade legal necesaria e suficiente para subscribir o presente convenio.

**EXPOÑEN**

Primeiro.-A múltiple e complexa realidade que supón a coexistencia da Administración Xeral do Estado, as Administracións autonómicas e das Entidades locais, proxectando a súa actividade sobre un mesmo espazo subxectivo e xeográdifo, demanda incentivar un marco de actuación común a todas ellas, que propicie a súa participación institucionsl de actuación, incremente os seus niveis de eficiencia da xestión pública e facilite a utilización conxunta e medios e servizos públicos, ao abeiro do prevido no artigo 48.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurído do Sector público.

Este marco colaborativo funcionsl, reforzase tanto pola lexislación de racionalización e sostibilidade da administración local (Lei 27/2013, do 27 de decembro); Lei 5/2014, do 27 de maio (autonómica) de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da citada lei 27/2013,do 27 de decembro, como pola propia lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre o réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP). Esta lei adica todo o o Título III ás relacións interadministrativas , e establece no artigo 143 o mandato de cooperación das administracións públicas ao servizo do interese xeral , enunciando no artigo 144 a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se formalizarán por medio de convenio, coas condicións e compromisos asumidos polas partes.

Segundo.- O concello de Ferrol, de conformidade co argigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artígo 74.1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ostenta competencias propias na conservación de vías públicas urbanas e rurais.

Terceiro.- O concello de Ferrol pon de manifesto a necesodade de actuacións medio ambientais de choque no termo municipal, consistentes en desbroce de camiños con densidade alta, desbroce de camiños con densidade baixa e limpeza de gabias.

Cuarto.- O artigo 57 da citada le 7/1985, de bases do réxime local, establece que a cooperación económica , técnica e administrativa entre a Adminstración Local e a do Estado e Autonómica, poderá realizarse mediante os consorcios o convenios que subscriba.

Por outra banda, o artigo 143 da Lei 410/2015, do réxime xurídico do sector público establece o mandato de cooperación das administracións públicas ao servizo do interese xeral, acordando de xeito voluntario a maneira de exercer as súas respectivas competencia que mellor serva ao principio de servizo ao interese xeral.

Entre as técnicas cooperativas, o artigo 144 da mesma norma, establece a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se formalizarán por medio de convenio, coas condicións e compromisos asumidos polas partes.

Por outra banda, o artigo 57 da Lei 7/1985, establece que cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e do Estado e a Autonómica, poderá realizarse mediante os consorcios ou convenios que subscriba. De igual xeito, do artigo 30.6 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, contempla como formas de cooperación cos concellos a execución de obras e instalacións e a subscrición de convenios administrativos.

Quinto.-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, dedicado a regular a potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, sinala no seu apartado
1.b) que "Las entidades pertenecientes al sector público podrán cooperar entre sí de alguna de las siguientes formas, sin que el resultado de esa cooperación puda calificarse de contractual: (.../….)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertenecientes al sector público, previa celebración de los correspondientes convenios , en las condiciones y con los límites que se establecen en el apartado 1 del artículo 6"

Sexto.- O artigo 5 do Rd 69/2019, do 15 de febreiropolo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A,., S.M.E, M.P (TRAGSA) e de súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSATEC), regula a aportación de TRAGSA, na súa condición de medio propio e servizos técnicos, polas administracións Públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público, o cal se debe instrumentar a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interés públicos común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións a desenvolver e a aportación de cada unha das partes.

O obxecto social da empresa TRAGSA, segundo o disposto no artigo 2 dos seus Estatutos, ven constituído entre outros supostos, por:

Art. 2, a)"arealización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación servizos (…) de conservación e protección do medio natural e medioambiental, (…) así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e

recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos (…)"

Art 2. e) "A prevención e loita contra as pragas e enfermidades vexetais e animais".
Art 2.j) A realización de tarefas para as que se lle requira pola vía de urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.

As actuacións extraordinarias e de reforzo previstas na memoria e documentación presentada polo Concello de Ferrol, están fundamentadas nas necesidades de conservación e protección do medio natural, a mellora dos servizos e recursos públicos, a prevención e loita contra as pragas e animais, polo cumprimento duns estándares mínimos de calidade ambiental e de salubridade pública, ase como en motivos de urxencia.

Sétimo.- A Disposición Adicional 24ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se regula o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA) e Tecnoloxías e Servizos Agrarios , (tragsatec), establece no apartado segundo que TRAGSA e a súa filial, terán a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabildos e Consellos Insulares, Das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependente de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, sempre que se cumpran os requisitos da LCSP.

No apartado 3ª se establece que as CCAA, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, os Cabildos e Consellos Insulares, as Deputacións Forais do País Vasco e as Deputacións Provinciais deberán participar no capital desta sociedade mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda e Función Pública .

Unha vez que a Deputación Provincial da Coruña formalizou a súa participación no capital social de TRAGSA, constituúese como medio propio personificado da mesma, nos termos da Disposición Adicional24 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 32 da mesma noram sobre encargos de poderes adxudicadores a medios propios personificados.

Polo exposto, ambalasdúas partes acordan subscribir o presente convenio de cooperación, que se rexerá polasseguintes

## ESTIPULACIÓNS

**Primeira.- OBXECTO E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.**

O obxecto do presente convenio consiste na colaboración entre o Concello de Ferrol e a Deputación Provincial da Coruña, para a aportación por ésta última do seu medio propio, a Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA), ao primeiro, para a realización da actuación: ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS DE CHOQUE NO CONCELLO DE FERROL.

**Segunda.- OBRIGAS DAS PARTES.**

**A Deputación Provincial da Coruña, comprométese a:**

*Aportar o seu medio propio instrumental, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA) para a realización das tarefas contidas na memoria que figura como Anexo ao presente convenio, das Actuacións Medio ambientais de choque no Concello de Ferrol, de conformidade co artigo 5 do Rd 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o rexime xurídico da empresa TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC

*Notificar a TRAGSA a celebración do presente convenio para os efectos de aceptación do correspondente encargo do Concello de Ferrol e que proceda á execución da actuacións indicadas na memoria que figura como Anexo ao texto do convenio, facultando ao medio propios a proceder á suspensión da execución das mesmas, no suposto de que o Concello de Ferrol non poida atender ao importe das certificacións conformadas pola dirección facultativa.

* Prestar o apoio técnico necesario para a definición das actuacións e a supervisión técnica da súa execución.

**O Concello de Ferrol, comprométese a:**

*Financiar as actuacións , que ascenden a un importe de 640.776,49 euros, incluído IVE,,con cargo ás aplicacións orzamentarias previstas a estes efectos no orzamento municipal ou a xeración daquelas precisas e con dotación suficiente para facer fronte ao pago da cantidade sinalada.

*Xestionar o conxunto do gasto conforme a normativa que afecte á línea de actuación que contemplaeste convenio.

*Aboar, directamente á empresa TRAGSA o importe dos traballos efectivamente realizados, que estaúltima facturará de acordo ao seu sistema de tarifas, atendendo ao encargo e as correspondentes certificacións emitidas e conformadas pola dirección facultativa.

*Designar á Dirección Facultativa, que corresponderá a un técnico do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Ferrol, designación que será comunicada a TRAGSA, antes do comezo das actuacións.

*Cumplir todos requisitos establecidos na lexislación vixente.

* Coordinarse coa Deputación Provincial da Coruña, no seguimento da execución e liquidación dos traballosque supoñen o obxecto do presente convenio.

**Terceira.- ABOAMENTOS AO MEDIO PROPIO**.

Para o aboamento dos traballos, aportarase unha factura mensual e outral final de liquidación dos mesmos, . Coa última factura acompañarase polo medio propio un informe final das actuacións realizadas, que deberá conter información cuantitativa, cualitativa, gráfica e fotográfica precisa.

**Cuarta.- EXCESOS DE MEDICION.**

En canto aos excesos de medición, ao abeiro do artigo 11.6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, poderán introducirse variacións sobre o inicialmente encargado, sen necesidade de aprobación previa, cando éstas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento de gasto superior ao 10% do inicialmente previsto.

**Quinta.-MODIFICACIÓN DO ENCARGO.**

Posibilitarase a modificación do encargo, previos informes técnicos e xurídicos,que deberá remitir o Concello de Ferrol á Deputación Provincial cunha antelación minima de 15 días naturasis dende o vencemento de prazo do encargo para a súa tramitación, garantindose o financiamento preciso para o mesmo.
. A modificación que se pretenda, non poderá superar o 10% da cantidade a percibir.

Sexta.- **COMISIÓN DE SEGUIMENTO.**

Establécese unha comisión de seguimento, formada por un/dous representante de cada unha das partes asinantes, para resolución dos problemas de interpretación e cumprimento e aplicación das clausulas do convenio. A dita comisión reunirase, cantas veces sexa preciso, a solicitude de calquera das partes. A representación de cada uha das partes poderá asistir as reunións acompañada dos técnicos que considere oportunos, para contribuir a resolver as incidencias detectadas.

Sétima.-**VIXENCIA DO CONVENIO.**

O presente convenio terá unha duración dun ano, dende a data da súa sinatura.

Non obstante, antes do remata da vixencia do mesmo, as partes poderán acordar a prórroga, polo mesmo período de tempo ou inferior ao prazo inicial, prórroga que se formalizará mediante Addenda

Calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación de trinta días.

Oitava.- **MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DO CONVENIO.**

O presente convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a proposta de calquera destas, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación, formalizado antes do remate da duración do mesmo.

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio:

a O transcurso do prazo de vixencia do mesmo, sen ter acordada a prórroga do mesmo.
b O acordo unanime de todolos asinantes
C)O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgun dos asinantes.
Neste suposto, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para cumpla nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado persistira o incumprimento, a parte que lo denunció notificará as partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e se entenderá extinguido o convenio.
d Por decisión xudicial declaratoria de la nulidade do convenio.
e Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lei.

Novena.- **NATUREZA E XURISDICCION.**
O presente convenio ten natureza administrativa e se rixe polo Capitulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do rexime xurídico do Sector Público.Está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 , do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do artigo 6.1 , sen prexuízo da aplicación dos

principios e criterios de dita lei para resolver as dudas e lagunas que poidan presentarse.

A existencia de calquera tipo de discrepancia entre as partes, en relación coa interpretación ou execución do establecido en este convenio de colaboración, non resolto na Comisión de Seguimento, resolverase conforme aos que para estes efectos se determine polos xulgados e tribunais do orde contencioso-administrativo.

O presente convenio terá que ser aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña e,posteriormente, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol.

E. en proba de conformidade en canto antecede, o asinan as partes en triplicado exemplar e a un só efectos, no lugar e data no seu cabezallo indicados.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña, O Alcalde do Concello de Ferrol,

A Secretaria Xeral

**ANEXO I**
**MEMORIA TÉCNICA"**

**25.- Aprobación dun convenio entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o concello de DUMBRÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Arranxo de camiños municipais.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Dumbría para cofinanciar as obras de **arranxo de camiños municipais** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **arranxo de camiños municipais** cunha achega provincial de **164.777,85** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/4532/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **66.71593 %** respecto dun orzamento de **246.984,28 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ARRANXO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS**

Na Coruña, a __ de ____________ de *2023*

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Dumbría**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Dumbría** considera de primeira necesidade as obras de **arranxo de camiños municiapis**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*"..“O Concello de Dumbría considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria municipal local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións e as que dan servizo as actividades gandeiras e agrícolas, nas que ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas, soportan o tráfico mais pesado de maquinaria. As obras contemplan actuacións de reparación do pavimento e limpeza de marxes e cunetas en varios camiños de titularidade municipal xa existentes, que por mor dos últimos episodios de temporais recentemente acaecidos, derivaron nun estado non previsible que obriga a realizar unha serie de actuacións co fin de manter a súa funcionalidade antes da chegada do inverno Cabe indicar que as obras incluídas neste proxecto non foron incluídas noutros plans por existir outras cuxo arranxo era prioritario por encontrarse en estado mais ruinoso. Non obstante dende a redacción dos proxectos incluídos no último plan e debido principalmente as inclemencias meteorolóxicas mencionadas, os camiños obxecto deste proxecto sufriron un importante deterioro. Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar a reparación do pavimento en vinte camiños en distintas parroquias do concello motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico.."*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Dumbría** ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Dumbría con CIF P1503400B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **"obras de arranxo de camiños municipais,** tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos D. Pablo Blanco Ferreiro Colg. Núm. 22992 .

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

| | |
|---|---|
| Orzamento Execución Material | 171.528,77 euros |
| Gastos xerais 13,00% | 22.298,74 euros |
| Beneficio Industrial 6,00 % | 10.291,73 euros |
| IVE (21%) | 42.865,04 euros |
| **ORZAMENTO DE LICITACIÓN** | **246.984,28 euros** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **164.777,85** euros o que representa unha porcentaxe de **66.71593** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66.71593** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o** procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano *2023*, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta**

**subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o

pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro**.**

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta

circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o ________________

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**26.- Aprobación du convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución no ano 2022.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a Universidade de santiago de Compostela **e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2022** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

3º.- **Non ter en conta**, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais

4º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2022, cunha achega provincial de **48.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% do orzamento.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. ANO 2022**

Na Coruña, a de de 2023

**REÚNENSE**

Dunha parte, o/a representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, o/a representante da Universidade de Santiago de Compostela,

E doutra parte o/a representante do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

**MANIFESTAN:**

**PRIMEIRO.-** A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

**SEGUNDO.-** A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

**TERCEIRO.-** Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

**CUARTO.-** A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar loxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun

tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

**QUINTO.-** Mediante este Acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

**CLÁUSULAS:**

**I OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2022, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

Como regra xeral, o número de alumnos/as que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/ mes durante un período ordinario de catro meses ao ano; período que se concretará en cada caso dacordo coas necesidades e as dispoñibilidades de cada concello. Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de catro meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno/a non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario ou xeral.

**II ORZAMENTO**

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2022, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. Dacordo co seguinte detalle desagregado:

**A GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,… DOS ALUMNOS: 36.000 €,** para o ano 2022, e se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2022 | NÚMERO ALUMNOS | IMPORTE ALUMNO/MES | IMPORTE max. TOTAL |
|---|---|---|---|
| MES UNO | 20 | 450 € | 9.000 € |
| MES DOS | 20 | 450 € | 9.000 € |
| MES TRES | 20 | 450 € | 9.000 € |
| MES CUATRO | 20 | 450 € | 9.000 € |
| TOTAL | | | **36.000 €** |

Indemnización de 450 € ao mes, que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

**B GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN: 4.000 €** para o ano 2022, e se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2022 | DURACIÓN | IMPORTE /MES | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|
| Ano 2022 | 4 MESES | 1.000 € | **4.000 €** |

**C GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2022, e se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2022 | MATERIAL | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|
| Ano 2022 | Material necesario para desenvolver a actividade, tal como fotocopiado para o alumnado de material didáctico e de material necesario para a realización das prácticas, bibliografía, códigos lexislativos, material informático funxible, papelería, material de escritura, etc. | **5.000 €** |

**D COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2022.

**TOTAL GASTOS: 48.000** Euros

**III FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1 A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2022, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2 Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4 Para a anualidade 2022 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como

consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5 En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

**IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1 Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2 Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

**V DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.**

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

**VI. COORDINACIÓN.**

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora Dª María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

**VII. DESENVOLVEMENTO.**

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

## VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

### A. GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes,etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000** € en concepto de gastos de desprazamentos, manutención…… dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as, en función do quilometraxe.

Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €. De superarse a dita cantidade en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, sendo necesaria, asemade da xustificación do Director da Escola, unha certificación expedida polo xefe do correspondente servizo da Universidade para acreditar que as ditas cantidades foron transferidas ás contas dos alumnos (detallando cantidades concretas percibidas por cada alumno).

A Deputación abonará anualmente dito importe á Universidade de Santiago - Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no periodo correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2022 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses, no período establecido durante un mínimo de tres días laborales á semana é un

máximo de cinco, a razón dun mínimo de cinco horas ao día e un máximo de sete. O número mínimo de días de prácticas durante o período total de catro meses non poderá ser inferior a 50, nin o número de horas inferior ás 250.

**B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN**:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio a administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, tras xustificación da actividade realizada.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, xunto os correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados de xeito que poidan comprobarse os gastos directamente relacionados coas prácticas, que se distribuirán da seguinte maneira:

B.a Compensación económica aos coordinadores do convenio por parte da Escola, polas horas investidas nas tarefas específicas de publicidade do convenio, selección do alumnado, reunións co alumnado seleccionado, acompañamento do alumnado á presentación das prácticas, seguimento da opinión dos titores e dos alumnos, resolución de posibles incidencias, lectura diaria dos informes dos alumnos e mensual dos informes dos titores, organización e seguimento das actividades de formación específica, etc.

B.b. Compensación económica ao persoal administrativo, encargado de recoller diariamente os informes dos alumnos relativos á asistencia e contidos das prácticas, comunicar incidencias á coordinación, elaborar (baixo a dirección da coordinación) e enviar diferentes documentos a titores e alumnos, control da formación.

B.c. Uso de instalacións e servizos correntes, na proporción correspondente.

**C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:**

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2022) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como gasto de fotocopiado e as prácticas do alumnado, adquisición de bibliografía de consulta e de coleccións de códigos normativos tanto para uso colectivo como individual do alumnado, material informático funxible como discos duros, memorias USB, fundas e cableado de alimentación de ordenadores portátiles e outro para uso do alumnado, papelería, axendas e material de escritura, e outro material específico destinado a ser utilizado polo alumnado nas prácticas que redunden no seu beneficio; **o material terá obrigatoriamente carácter funxible, non inventariable**.

No suposto de que os gastos xustificados foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2022.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

**D. GASTOS DE FORMACIÓN:**

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos

competentes da Universidade e coa ahega dos correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados, de xeito que poida comprobarse que se trata de gastos relacionados coas prácticas.

Acreditarase, asemade do anterior, que os gastos son específicos para a realización das prácticas en virtude deste convenio e que non se trata de formación incluída no mestrado de avogacía do que proceden os alumnos que se seleccionan para as prácticas e polo que xa aboaron o prezo correspondente. Para os criterios de selección e as condicións de formación rexerán os apartados que seguen:

D.a. Que os alumnos poder ser seleccionados do mestrado oficial en avogacía no que participa a Escola ou de calquera outra formación que imparta ou na que colabore a Escola, dependendo das circunstancias de cada momento, conforme permite o convenio.

D.b. Que os alumnos seleccionados reciben unha formación específica para afrontar nas mellores
condicións posibles as tarefas que se indican na manifestación quinta do convenio.

D.c. Que esta formación específica é impartida por profesionais de prestixio e ampla experiencia profesional, en aulas e con medios materiais e informáticos destinados específicamente para a formación destes alumnos.

D.d. Que esta formación é independente da que reciben nas ensinanzas das que proceden e de onde son seleccionados.

D.e. A xustificación farase por medio de certificación do director onde se indiquen os contidos impartido, os docentes que os impartiron, os alumnos asistentes, e o pagamento realizado aos docentes; así como unha xustificación efectuado polo xefe do servizo correspondente da universidade das transferencias realizadas a cada docente en compensación da docencia impartida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de práctica xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcionarial coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

## IX. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación

entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

**X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA (vixencia).

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2022 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin posteriores ao 31 de decembro de 2021, debendo estar xustificados antes do 31 de maio de 2023.

2 Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá **presentar a xustificación** documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do **31 de maio de 2023**.

3 De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4 O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**XI. RESPONSABILIDADE.**

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, Director da mesma e profesional designado polo centro para colaborar na

coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que pudieren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

## XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1 A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1 A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2 Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3 Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

XIV.1 Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

XIV.2 Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2 Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de apliación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015)

3 Para os supostos de retraso na ralización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 1116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

**XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e  na páxina web www.dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XVII. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa,

segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

**XVIII. VIXENCIA**

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin os posteriores ao 31 de decembro de 2022, debendo estar **xustificados antes do día 31 de xullo de 2023 e conservando a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2023.**

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.**

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data de de 2023..

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

**27.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2023, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no BOP nº

228 do 1 de decembro de 2022

Vistas as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas Bases reguladoras do Plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas mediante a aplicación dos criterios obxectivos previstos nas Bases.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
**ACORDA:**

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2023, cuxo resumo de cifras globais de financiamento dos distintos apartados nos que se estrutura, en función dos 3 tipos de achegas provinciais aplicadas e os 3 posibles obxectos do Plan, é o que se indica a continuación:

**POS + 2023**

**TÁBOA RESUMO XERAL : OBXECTOS, TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL, PARTIDAS E ACHEGA MUNICIPAL**

| OBXECTOS | ACHEGA PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2022 | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 | T O T A L ACHEGA PROVINCIAL | CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Gastos correntes | 0430/4592/46201<br>17.840.866,20 | 0430/4592/46201<br>123.247,83 | | 17.964.114,03 | | 17.964.114,03 |
| Obras ou subminist. | 0430/4592/76201<br>6.159.133,80 | 0430/4592/76201<br>15.376.751,86 | | 21.535.885,66 | 2.034.568,48 | 23.570.454,14 |
| Redución débeda entidades financeiras | | | 0430/9430/82120<br>68.414,14 | 68.414,14 | | 68.414,14 |
| T O T A L | 24.000.000,00 | 15.499.999,69 | 68.414,14 | 39.568.413,83 | 2.034.568,48 | 41.602.982,31 |

No POS+ 2023 inclúense as solicitudes presentadas polos 93 concellos da provincia, cuxos datos por concello e relación de actuacións figuran nos Anexos I a VII a este expediente:

| ÍNDICE DE ANEXOS A ESTE EXPEDIENTE | |
|---|---|
| Anexo I | Resumo xeral de cada concello por tipos de achega e obxecto |
| Anexo II | Resumo por concello dos importes consumidos por tipo de achega |
| Anexo III | Gasto corrente |
| Anexo IV | Obras e subministracións (achega provincial 2023) |
| Anexo V | Obras e subministracións (achega provincial 2022) |
| Anexo VI | Redución de débeda con entidades financeiras |
| Anexo VII | Plan Complementario |

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan nos Anexos IV e V a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que nos ditos Anexos teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- Aprobar o Plan Complementario ao POS+2023, no que se inclúen as obras e

subministracións solicitadas neste apartado polos concellos. Estes investimentos inclúense no Plan con natureza de reserva, coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes das maiores achegas ao Plan que aprobe esta deputación.

| | |
|---|---|
| Plan Complementario | Anexo VII |

Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos para a súa inclusión no Plan Complementario, e que se detallan no Anexo VII a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no dito Anexo teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas neste Plan realizarase polos respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas Bases reguladoras deste Plan e coas circulares que para tal fin se lles envíen aos concellos.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura no correspondente Anexo a este acordo.

| | |
|---|---|
| Gastos correntes | Anexo III |

O dito pago realizarase con cargo á partida indicada segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

6.- Dispor o pago do préstamo provincial aplicado polos concellos á redución do seu endebedamento con entidades financeiras, cuxo detalle figura no Anexo VI. Esta deputación transferiralle o importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade, directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar.

| | |
|---|---|
| Redución da débeda con entidades financeiras | Anexo VI |

7.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

8- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril.

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

| CONCELLO | 1.-GASTOS CORRENTES | 2.-INVESTIMENTOS | | | 3.-REDUCIÓN DE DÉBEDA | TOTAIS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ACHEGA PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2022 | TOTAL INVESTIMENTOS | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2022 | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 | TOTAL |
| NOIA | 261.996,46 | | 137.103,68 | 137.103,68 | | 261.996,46 | 137.103,68 | 0,00 | 399.100,14 |
| OLEIROS | 552.821,47 | | 263.183,60 | 263.183,60 | | 552.821,47 | 263.183,60 | 0,00 | 816.005,07 |
| ORDES | 400.966,87 | | 190.889,66 | 190.889,66 | 8.353,48 | 400.966,87 | 190.889,66 | 8.353,48 | 600.210,01 |
| OROSO | 245.240,78 | | 233.561,41 | 233.561,41 | | 245.240,78 | 233.561,41 | 0,00 | 478.802,19 |
| ORTIGUEIRA | 411.237,45 | | 334.354,90 | 334.354,90 | | 411.237,45 | 334.354,90 | 0,00 | 745.592,35 |
| OUTES | 152.881,32 | 98.177,98 | 176.433,22 | 274.611,20 | | 251.059,30 | 176.433,22 | 0,00 | 427.492,52 |
| PADERNE | 139.611,68 | | 70.815,74 | 70.815,74 | | 139.611,68 | 70.815,74 | 0,00 | 210.427,42 |
| PADRÓN | | 210.462,99 | 171.163,81 | 381.626,80 | | 210.462,99 | 171.163,81 | 0,00 | 381.626,80 |
| O PINO | 284.648,83 | | 144.561,63 | 144.561,63 | | 284.648,83 | 144.561,63 | 0,00 | 429.210,46 |
| POBRA DO C. | 196.771,12 | | 93.677,50 | 93.677,50 | 4.099,40 | 196.771,12 | 93.677,50 | 4.099,40 | 294.548,02 |
| PONTECESO | | 254.371,88 | 121.099,69 | 375.471,57 | | 254.371,88 | 121.099,69 | 0,00 | 375.471,57 |
| PONTEDEUME | 189.193,62 | | 90.285,18 | 90.285,18 | | 189.193,62 | 90.285,18 | 0,00 | 279.478,80 |
| AS PONTES DE G. | | 498.608,65 | 258.580,29 | 757.188,94 | | 498.608,65 | 258.580,29 | 0,00 | 757.188,94 |
| PORTO DO SON | 283.260,24 | | 145.804,95 | 145.804,95 | | 283.260,24 | 145.804,95 | 0,00 | 429.065,19 |
| RIANXO | 40.829,46 | 208.785,50 | 118.835,04 | 327.620,54 | 5.200,31 | 249.614,96 | 118.835,04 | 5.200,31 | 373.650,31 |
| RIBEIRA | 419.672,29 | 38.459,55 | 832.740,36 | 871.199,91 | 9.544,41 | 458.131,84 | 832.740,36 | 9.544,41 | 1.300.416,61 |
| ROIS | 234.757,91 | | 115.254,52 | 115.254,52 | | 234.757,91 | 115.254,52 | 0,00 | 350.012,43 |
| SADA | 287.437,21 | | 202.005,44 | 202.005,44 | | 287.437,21 | 202.005,44 | 0,00 | 489.442,65 |
| SAN SADURNIÑO | 202.139,70 | | 159.185,19 | 159.185,19 | | 202.139,70 | 159.185,19 | 0,00 | 361.324,89 |
| SANTA COMBA | 50.129,54 | 383.057,55 | 206.228,85 | 589.286,40 | | 433.187,09 | 206.228,85 | 0,00 | 639.415,94 |
| SANTIAGO DE C. | | 428.050,06 | 278.054,46 | 706.104,52 | | 428.050,06 | 278.054,46 | 0,00 | 706.104,52 |
| SANTISO | 190.826,71 | | 91.353,25 | 91.353,25 | | 190.826,71 | 91.353,25 | 0,00 | 282.179,96 |
| SOBRADO | 225.967,46 | | 113.643,09 € | 113.643,09 | | 225.967,46 | 113.643,09 | 0,00 | 339.610,55 |
| SOMOZAS (AS) | 164.845,42 | | 109.664,25 | 109.664,25 | | 164.845,42 | 109.664,25 | 0,00 | 274.509,67 |
| TEO | 331.304,04 | 58.225,55 | 298.669,66 | 356.895,21 | | 389.529,59 | 298.669,66 | 0,00 | 688.199,25 |
| TOQUES | 171.668,11 | | 94.346,50 | 94.346,50 | | 171.668,11 | 94.346,50 | 0,00 | 266.014,61 |
| TORDOIA | 241.330,91 | | 116.585,73 | 116.585,73 | | 241.330,91 | 116.585,73 | 0,00 | 357.916,64 |
| TOURO | 271.566,42 | | 131.350,21 | 131.350,21 | | 271.566,42 | 131.350,21 | 0,00 | 402.916,63 |
| TRAZO | 80.000,00 | 137.979,43 | 103.774,21 | 241.753,64 | | 217.979,43 | 103.774,21 | 0,00 | 321.753,64 |
| VALDOVIÑO | 239.143,51 | | 114.568,90 | 114.568,90 | | 239.143,51 | 114.568,90 | 0,00 | 353.712,41 |
| VAL DO DUBRA | 4.259,15 | 235.987,96 | 114.375,26 | 350.363,22 | | 240.247,11 | 114.375,26 | 0,00 | 354.622,37 |
| VEDRA | 197.933,63 | | 94.230,90 | 94.230,90 | 4.123,62 | 197.933,63 | 94.230,90 | 4.123,62 | 296.288,15 |
| VILASANTAR | 100.000,00 | 40.530,55 | 70.857,96 | 111.388,51 | | 140.530,55 | 70.857,96 | 0,00 | 211.388,51 |
| VILARMAIOR | 104.857,48 | | 79.880,89 | 79.880,89 | | 104.857,48 | 79.880,89 | 0,00 | 184.738,37 |
| VIMIANZO | | 370.602,94 | 197.405,77 | 568.008,71 | | 370.602,94 | 197.405,77 | 0,00 | 568.008,71 |
| ZAS | 124.663,69 | 168.376,09 | 153.429,87 | 321.805,96 | | 293.039,78 | 153.429,87 | 0,00 | 446.469,65 |
| CARIÑO | 149.025,54 | | 70.947,09 | 70.947,09 | | 149.025,54 | 70.947,09 | 0,00 | 219.972,63 |
| OZA CESURAS | 376.399,58 | | 187.788,72 | 187.788,72 | | 376.399,58 | 187.788,72 | 0,00 | 564.188,30 |
| TOTAL 93 CONCELLOS | 17.864.114,03 | 8.168.133,80 | 16.378.761,88 | 21.635.886,88 | 68.414,14 | 24.000.000,00 | 16.498.888,88 | 68.414,14 | 39.588.413,83 |

| Nº CONCELLOS | 81 | 30 | 82 | 82 | 11 |
|---|---|---|---|---|---|

(1) O Concello de Miño aplica achega 2023 e 2022 a gasto corrente facendo uso da excepción do último parágrafo da Base 2.1

| | |
|---|---|
| Achega 2023 | 184.095,45 |
| Achega 2022 | 123.247,83 |
| Total | 307.343,28 |

**POS+ 2023**

**ANEXO II: RESUMO IMPORTE CONSUMIDO POR CONCELLOS**

| | | ACHEGA PROVINCIAL 2023 | ACHEGA PROVINCIAL 2022 | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| ABEGONDO | Asignado | 262.020,08 | 129.005,33 | 5.458,75 | 396.484,16 |
| | Consumido | 262.020,08 | 129.005,33 | 0,00 | 391.025,41 |
| | Diferenza | 0 | 0 | -5458,75 | -5458,75 |
| AMES | Asignado | 539.362,34 | 418.326,28 | 11.236,72 | 968.925,34 |
| | Consumido | 539.362,34 | 418.326,28 | 11.236,72 | 968.925,34 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| ARANGA | Asignado | 211.142,96 | 110.806,66 | 4.398,81 | 326.348,43 |
| | Consumido | 211.142,96 | 110.806,66 | 0,00 | 321.949,62 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -4.398,81 | -4.398,81 |
| ARES | Asignado | 143.300,78 | 117.666,98 | 2.985,43 | 263.953,19 |
| | Consumido | 143.300,78 | 117.666,98 | 0,00 | 260.967,76 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -2.985,43 | -2.985,43 |
| ARTEIXO | Asignado | 583.477,63 | 415.154,82 | 12.155,78 | 1.010.788,23 |
| | Consumido | 583.477,63 | 415.154,82 | 0,00 | 998.632,45 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -12.155,78 | -12.155,78 |
| ARZÚA | Asignado | 358.960,88 | 262.352,20 | 7.478,35 | 628.791,43 |
| | Consumido | 358.960,88 | 262.352,20 | 0,00 | 621.313,08 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -7.478,35 | -7.478,35 |
| A BAÑA | Asignado | 234.992,63 | 147.747,25 | 4.895,68 | 387.635,56 |
| | Consumido | 234.992,63 | 147.747,25 | 0,00 | 382.739,88 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -4.895,68 | -4.895,68 |
| BERGONDO | Asignado | 191.597,04 | 91.214,25 | 3.991,61 | 286.802,90 |
| | Consumido | 191.597,04 | 91.214,25 | 0,00 | 282.811,29 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -3.991,61 | -3.991,61 |
| BETANZOS | Asignado | 240.511,44 | 407.037,98 | 5.010,66 | 652.560,08 |
| | Consumido | 240.511,44 | 407.037,98 | 0,00 | 647.549,42 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -5.010,66 | -5.010,66 |
| BOIMORTO | Asignado | 194.884,62 | 105.030,58 | 4.060,10 | 303.975,30 |
| | Consumido | 194.884,62 | 105.030,58 | 0,00 | 299.915,20 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -4.060,10 | -4.060,10 |
| BOIRO | Asignado | 381.092,72 | 226.165,22 | 7.939,43 | 615.197,37 |
| | Consumido | 381.092,72 | 226.165,22 | 7.939,43 | 615.197,37 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| BOQUEIXÓN | Asignado | 216.200,65 | 124.865,05 | 4.504,18 | 345.569,88 |
| | Consumido | 216.200,65 | 124.865,05 | 0,00 | 341.065,70 |
| | Diferenza | 0,00 | 0,00 | -4.504,18 | -4.504,18 |
| PORTO DO SON | Rehabilitación e mellora de Outeiro Alto fase I | 249.292,03 | 4.615,42 | 244.676,61 | |
| | Reforma e acondicionamento da Praza Xerardo Díaz e aledaños | 583.861,20 | 3.759,18 | 580.102,02 | |
| | **TOTAL** | **833.153,23** | **8.374,60** | **824.778,63** | |

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO | IVE deducible | Orzamento subvencionable | CONDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| RIANXO | Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados | 194.386,50 | | 194.386,50 | Autorización Augas de Galicia - Verquidos<br>Acreditación da dispoñibilidade dos terreos |
| | Dotación de redes de abastecemento e saneamento no lugar de Vilas - Fase II | 145.523,78 | | 145.523,78 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | TOTAL | **339.910,28** | | **339.910,28** | |
| RIBEIRA | Pavimentación e renovacion de servizos na Rúa Portugal (Ribeira) | 47.666,12 | | 47.666,12 | |
| | Pavimentación, abastecemento e pluviais na Rúa da Capela (Carreira) | 131.290,23 | | 131.290,23 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | Renovacion da Praza Estudiantes (Ribeira) | 93.440,83 | | 93.440,83 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | Saneamento e abastecemento en Lixó (Palmeira) | 149.876,17 | | 149.876,17 | |
| | Saneamento na Rúa Buenos Aires (Corrubedo) | 44.559,45 | | 44.559,45 | |
| | TOTAL | **466.832,80** | | **466.832,80** | |
| ROIS | Afirmado e acondicionamento de pista dende o límite municipal con Brión a Seaxe | 150.051,14 | | 150.051,14 | |
| | Afirmado e acondicionamento de pistas no Pazo e de Cernán a Vilariño | 130.387,47 | | 130.387,47 | |
| | Afirmado e acondicionamento de pistas de DP 7402 a Albagueira | 131.053,79 | | 131.053,79 | |
| | Afirmado e acondicionamento de pistas de AC301 a Leroño e a Casa do Vento | 169.686,56 | | 169.686,56 | |
| | Afirmado e acondicionamento de vial de Seaxe a Francelos | 127.934,34 | | 127.934,34 | |
| | TOTAL | **709.113,30** | | **709.113,30** | |
| SADA | Redes, acometidas, instalacións servizos, e pavimentacións Praciña da Mariña, Rúa Oriente e Rúa Sol | 201.436,65 | | 201.436,65 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | TOTAL | **201.436,65** | | **201.436,65** | |
| SAN SADURNIÑO | Reparación da Ponte do Pozo de Lamas | 44.034,82 | | 44.034,82 | Autorización Augas de Galicia<br>Autorización Patrimonio Natural -Xunta<br>Autorización Instituto Estudos do Territorio |
| | Instalación climatización, instalación de son e iluminación escenario Casa da Cultura. San Sadurniño | 46.221,32 | | 46.221,32 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta<br>Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello |
| | Pavimentación dos camiños de Solposto (Igrexafeita), Lourido, Monte, Pousadoiro e Racamonde (Naraío) | 74.742,84 | | 74.742,84 | |
| | Pavimentación do camiño entre A Veiga e O Castro | 94.409,48 | | 94.409,48 | |
| | Pavimentación do camiño de A Fraguela - Vilaná - AC-125 | 81.150,28 | | 81.150,28 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | TOTAL | **340.558,74** | | **340.558,74** | |
| SANTA COMBA | Pavimentación do vial de comunicación entre Freixeiro Igrexa-A Ila-Castropombo-Portocarreiro. | 404.848,01 | | 404.848,01 | Autorización Augas de Galicia<br>Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | TOTAL | **404.848,01** | | **404.848,01** | |
| SANTIAGO DE C. | Senda peonil travesía Camiño Inglés no lugar de Cortos | 135.167,36 | | 135.167,36 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta<br>Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello |
| | Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Arins) / Fase I | 347.720,85 | | 347.720,85 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Arins) / Fase II | 322.512,48 | | 322.512,48 | |
| | TOTAL | **805.400,69** | | **805.400,69** | |
| SANTISO | Pavimentación Camiño Xeral Andaris a Belmil | 85.963,03 | | 85.963,03 | |
| | Pavimentación camiño en Penaposta | 64.485,68 | | 64.485,68 | |
| | TOTAL | **150.448,71** | | **150.448,71** | |
| SOBRADO | Mellora de vial en San Vitorio | 66.683,74 | | 66.683,74 | |
| | Mellora de vial en Vilasuso | 51.533,02 | | 51.533,02 | |
| | TOTAL | **118.216,76** | | **118.216,76** | |
| SOMOZAS (AS) | Saneamento en Chao | 179.836,76 | | 179.836,76 | Autorización Augas de Galicia<br>Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello |
| | TOTAL | **179.836,76** | | **179.836,76** | |
| TEO | Saneamento e pavimentación en Casalonga. | 198.262,71 | 2.280,44 | 195.982,27 | |
| | Reurbanización do núcleo de Lamas. Santa María de Bamonde. | 394.525,09 | 3.099,20 | 391.425,89 | |
| | Cambiar a cuberta do pavillón deportivo Ezequiel Mosquera | 171.348,10 | | 171.348,10 | |
| | TOTAL | **764.135,90** | **5.379,64** | **758.756,26** | |
| TOQUES | Camiño Cruce San Cidre - Monteién | 77.258,46 | | 77.258,46 | |
| | Pavimentación Camiño O Pazo - Arnade e outros | 127.009,15 | | 127.009,15 | Autorización Patrimonio Natural -Xunta |
| | Camiño da Fraga a San Xulián | 42.188,50 | | 42.188,50 | |
| | TOTAL | **246.456,11** | | **246.456,11** | |
| TORDOIA | Acceso Méixome e outros | 41.075,00 | | 41.075,00 | |
| | Pista Camposoandres-Vilaprego | 67.819,97 | | 67.819,97 | |
| | Mellora estrada a Rebordelos | 36.283,16 | | 36.283,16 | |
| | TOTAL | **145.178,13** | | **145.178,13** | |

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO | IVE deducible | Orzamento subvencionable | CONDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| TOURO | Mellora de viario en Subres e outro | 54.673,29 | | 54.673,29 | |
| | Mellora de viario de Grixó á Obra e outros | 69.942,36 | | 69.942,36 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | Mellora de viario de Belvís a Tarrío e outros | 84.537,64 | | 84.537,64 | |
| | Mellora de acceso en Os Gagos | 59.503,78 | | 59.503,78 | Autorización Augas de Galicia |
| | TOTAL | 268.657,07 | | 268.657,07 | |
| TRAZO | Senda do Santuario de San Mateo e Santa Eufemia. Fase 1 | 100.092,08 | | 100.092,08 | |
| | TOTAL | 100.092,08 | | 100.092,08 | |
| VALDOVIÑO | Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro | 89.673,64 | | 89.673,64 | Autorización Servizo Urbanismo-Costas- Xunta<br>Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | TOTAL | 89.673,64 | | 89.673,64 | |
| VAL DO DUBRA | Ampliación de abastecemento a Nariño | 54.283,08 | 9.421,03 | 44.862,05 | |
| | Pavimentación de viario da DP1914 a Arabexo | 71.850,80 | | 71.850,80 | |
| | Pavimentación de viario da DP-1914 á DP-5903 por Reboredo | 93.382,57 | | 93.382,57 | |
| | TOTAL | 219.516,45 | 9.421,03 | 210.095,42 | |
| VEDRA | Proxecto de colectores de saneamento en Fontao | 121.999,76 | | 121.999,76 | |
| | Ampliación de abastecemento a San Miguel de Sarandón | 176.072,70 | 30.558,07 | 145.514,63 | Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | TOTAL | 298.072,46 | 30.558,07 | 267.514,39 | |
| VILASANTAR | Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño desde O Vao a Días | 75.230,00 | | 75.230,00 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | Rehabilitación superficial do firme da calzada no camiño de acceso a Opa-Faxilde desde DP-9002 | 72.071,00 | | 72.071,00 | Autorización Patrimonio Cultural -Xunta |
| | TOTAL | 147.301,00 | | 147.301,00 | |
| VILARMAIOR | Aglomerado de vial Bouzoa-Cabezal | 81.989,12 | | 81.989,12 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) |
| | TOTAL | 81.989,12 | | 81.989,12 | |
| VIMIANZO | Rede de saneamento no lugar de Treos no Concello de Vimianzo | 162.367,66 | | 162.367,66 | Autorización Augas de Galicia |
| | TOTAL | 162.367,66 | | 162.367,66 | |
| ZAS | Reforzo do aglomerado de Carreira-Vilaestévez | 131.619,18 | | 131.619,18 | |
| | Renovación de beirarrúas no núcleo urbano de Zas | 67.874,71 | | 67.874,71 | Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)<br>Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello |
| | TOTAL | 199.493,89 | | 199.493,89 | |
| CARIÑO | Execución e cerramento de gradas na Pista Polideportiva Municipal de Cariño | 96.955,73 | | 96.955,73 | Autorización Instituto Estudos do Territorio<br>Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello |
| | TOTAL | 96.955,73 | | 96.955,73 | |
| OZA-CESURAS | Mellora do firme dende a Ameixeira ata os Campos. Parroquia de Dordaño | 46.037,73 | | 46.037,73 | |
| | Rede de residuais e estación de bombeo de augas residuais en Porzomillos. Parroquia de Porzomillos | 85.471,91 | | 85.471,91 | Autorización Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) |
| | Pista de pádel na localidade de O Loureiro. Parroquia de Salto | 48.465,12 | | 48.465,12 | |
| | TOTAL | 179.974,76 | | 179.974,76 | |
| | TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO | 35.683.689,43 | 90.679,66 | 35.593.009,77 | |
| | TOTAL CONCELLOS | 93 | | | |
| | TOTAL OBRAS | 254 | | | |

**28.- Aprobación da toma de coñecemento do informe da Valedora do Pobo coas conclusións da súa investigación de oficio sobre as tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas redes de abastecemento de auga e saneamento municipais**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o informe da Valedora do Pobo de abril de 2023 coas conclusións da súa investigación de oficio sobre as tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas redes de abastecemento de auga e saneamento municipais, e coa finalidade de ter en conta o seu contido

1.- Tomar coñecemento do informe da Valedora do Pobo de abril de 2023 coas conclusións da súa investigación de oficio sobre as tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas redes de abastecemento de auga e saneamento municipais.

2.- Manifestar a vontade desta deputación de continuar colaborando cos concellos da provincia na realización de obras destinadas á redución e retirada de tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas redes de abastecemento de auga e saneamento municipais, poñendo á disposición dos concellos cada ano o financiamento necesario a través dos Plans provinciais, e ademais o asesoramento técnico do persoal desta deputación, que supervisa os proxectos e que atende ás consultas técnicas que os concellos poidan presentar.

3.- Estudar a inclusión nas Bases reguladoras do Plan de obras e servizos dun novo apartado na "memoria" que os concellos presentan coas súas solicitudes de investimentos, para que os concellos con este tipo de tubaxes analicen as medidas practicadas ou previstas para a súa redución e retirada.

4.- Poñer a disposición dos concellos a información que figura na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local coa lonxitude total de tubaxes de fibrocemento e a porcentaxe que representa en relación coa súa lonxitude total, engadindo mapas e funcións que faciliten a súa consulta para tomar decisións sobre a súa redución e retirada."

**29.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma integral da Praza Fernando Buesa", do Concello de Cambre incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0430.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado “Reforma integral da Praza Fernando Buesa”, do Concello de Cambre incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0430.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Lodo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021 pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Cambre | 2021.2102.0430.0 | Reforma integral da Praza Fernando Buesa | 274.943,15 | 25.056,85 | 300.000,00 |

Logo de presentar o Concello de Cambre un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 22 de marzo de 2023 pola arquitecta técnica municipal Susana Bahamonde López, cun incremento do seu orzamento de contrata de 24.985,43 € que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo indica a arquitecta técnica municipal no seu informe do 20 de abril de 2023, o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no expediente, seguen sendo totalmente válidas, non considerándose polo tanto unha modificación substancial

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC), asinado o 29 de marzo de 2023 polo interventor do concello por un importe de 24.985,43 €, para o financiamento do incremento deste proxecto modificado con respecto do orzamento do proxecto incluído no Plan

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, foi aprobado polo Concello de Cambre coa única finalidade de actualizar os seus prezos para axustalos á situación actual do mercado, non se considera unha modificación substancial , segundo o informado pola arquitecta técnica do concello

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reforma integral da Praza Fernando Buesa", do Concello de Cambre incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0430.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Cambre coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 24.985,43 €, que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

| **Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre Reforma integral da Praza Fernando Buesa" Código 2021.2102.0.0430.0** | **PROXECTO INICIAL Contrata** | **PROXECTO MODIFICADO Contrata** | **DIFERENZA Contrata** |
|---|---|---|---|
| Deputación | 274.943,15 | 274.943,15 | 0,00 |
| Concello | 25.056,85 | 50.042,28 | 24.985,43 |
| Total | **300.000,00** | **324.985,43** | **24.985,43** |

2- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

**30.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0384.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0384.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Mesía cos seguintes datos:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Mesía | 2022.2102.0384.0 | Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña) | 81.533,35 | 0,00 | 81.533,35 |

Logo de presentar o Concello de Mesía un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por  Resolución da Alcaldía do 13 de marzo de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, o que suporía, ademais de actuar sobre unha maior superficie mantendo a inversión prevista, a reparación doutros treitos e camiños que presentan un estado moi deficiente

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, asinada dixitalmente o 11 de abril de 2023 polo Xefe do Servizo de Coordinación Cultural, na que se autorizan as intervencións contidas neste proxecto modificado, cunha condición de execución que segundo consta no informe do arquitecto municipal cumprirase durante a execución das obras

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do do investimento denominado “Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña)” do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0384.0, sen variación do seu orzamento de

contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou pola Alcaldía do Concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, o que suporía, ademais de actuar sobre unha maior superficie, a reparación doutros treitos e camiños que presentan un estado moi deficiente, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Mesía | 2022.2102.0384.0 | Camiño de AC-223 a Busto (Visantoña) | 81.533,35 | 0,00 | 81.533,35 |

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mesía para os efectos oportunos."

**31.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pista multideporte e parque infantil en O Baño" do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0205.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Pista multideporte e parque infantil en O Baño”, do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0205.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

| | | | Financiamento | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total |
| Mugardos | 2021.2000.0205.0 | Pista multideporte e parque infantil en O Baño | 65.243,76 | 35.637,15 | 100.880,91 |

Logo de aprobar o Concello de Mugardos un proxecto técnico modificado deste investimento que non está adxudicado, cun orzamento de contrata de 100.880,91€ idéntico ao do proxecto inicial incluído no plan, pero que supón a eliminación dunha das

súas actuacións e a variación dos seus prezos para adaptalo á realidade do mercado actual, á vista dos correspondentes informes técnicos favorables e habida conta do informe de supervisión favorable emitido o 10 de abril de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Pista multideporte e parque infantil en O Baño", do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0205.0, asinado dixitalmente o 31 de xaneiro de 2023, que non está aínda adxudicado, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos favorables, cun orzamento de contrata de 100.880,91€ e cuxa finalidade é axustar os prezos do proxecto técnico inicial ás necesidades actuais de mercado, o que supón a eliminación da actuación na pista multideporte e deixar unicamente o parque infantil.

| Concello de Mugardos<br>"Pista multideporte e parque infantil en O Baño"<br>Código 2021.2000.0205.0 | **PROXECTO INICIAL** | **PROXECTO MODIFICADO** |
|---|---|---|
| **Deputación** | 65.243,76 | 65.243,76 |
| **Concello** | 35.637,15 | 35.637,15 |
| **Total** | **100.880,91** | **100.880,91** |

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mugardos para os efectos oportunos."

**32.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía a Rial", do Concello de Padrón, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0430.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Padrón do proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía a Rial”, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0430.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Padrón condicionado á obtención das autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Augas de Galicia e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de acordo cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total | Condicións pendentes |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Padrón | 2022.2102.0430.0 | Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía Rial | 63.022,72 | 0,00 | 63.022,72 | - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)<br>- Augas de Galicia<br>- Patrimonio cultural |

Logo de presentar o Concello de Padrón un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 16 de xaneiro de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Gilberto Rodríguez Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado por Acordo Plenario de 27 de abril de 2023 previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de dar cumprimento as condicións esixidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa Resolución de data 6 de xuño de 2022, con incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo concello.

Logo de ver as autorizacións emitidas pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural achegadas ao expediente, así como o informe técnico (Anexo V) asinado dixitalmente polo arquitecto técnico municipal o 13 de abril de 2023, no que indica que o proxecto modificado conta coas autorizacións sectoriais esixidas e cumpre coas condicións establecidas nas mesmas

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente

modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
**ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía a Rial", do Concello de Padrón, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0430.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención das autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas, Augas de Galicia e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sendo aprobado polo Concello de Padrón, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de adaptalo ás condicións establecidas na Resolución de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ditada o 6 de xuño de 2022, que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Padrón tal e como se indica na seguinte táboa:

| **Concello de Padrón "Rehabilitación do firme dende a igrexa de Carcacía a Rial" Código 2022.2102.0430.0** | **PROXECTO INICIAL Contrata** | **PROXECTO MODIFICADO Contrata** | **DIFERENZA Contrata** | **CONDICIÓNS CUMPRIDAS** |
|---|---|---|---|---|
| **Deputación** | 63.022,72 | 63.022,72 | 0,00 | - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)<br>-Augas de Galicia<br>-Patrimonio cultural |
| **Concello** | 0,00 | 28.709,52 | 28.709,52 | |
| **Total** | 63.022,72 | 91.732,24 | 28.709,52 | |

2.- Considerar cumpridas as condicións da obtención das autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Augas de Galicia e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ás que fora sometido este investimento e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Padrón para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**33.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0226.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello das Pontes de García Rodríguez do proxecto modificado do investimento denominado "Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2000.0226.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a seguinte obra do Concello das Pontes de García Rodríguez, que foi aprobada de forma condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia, pero mediante Resolución de Presidencia nº 20.104, do 30 de xuño de 2020, levantouse a condición a que quedou sometida a obra logo de que o concello acreditase que contaba coa autorización indicada, e considerouse definitivamente aprobada esta obra cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

| Código | Concello | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 2019.2000.0226.0 | As Pontes de García Rodríguez | Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo | 168.441,93 | 0,00 | 168.441,93 |

Logo de ver que o Concello das Pontes de García Rodríguez , mediante Decreto de Alcaldía do 16 de xullo de 2021, adxudicoulle esta obra á empresa MAREN SERVICIOS E INGENIERIA, S.L., co NIF B70278437, por un importe de 168.441,93 €, coincidente coa achega provincial inicial, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar.

Logo de presentar o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 24 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Miguel Ángel Fernández Rivera, que non redactara o proxecto inicial, cun orzamento total de contrata superior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, que foi aprobado por Resolución de concelleiro delegado da área de cultura e contratación de data 21 de abril de 2023, coa finalidade de modificar o modelo de apoio da pasarela sobre a cimentación, sendo supervisado favorablemente este proxecto modificado polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación.

Logo de presentar o Concello das Pontes de García Rodríguez os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado, xustificar o cumprimento dos trámites de audiencia á redactora do proxecto inicial e de conformidade do contratista e acreditar que o concello asume o financiamento do incremento de

orzamento en relación coa primeira adxudicación, así como presentar o informe técnico (Anexo V) acreditativo de que o concello conta coas autorizacións sectoriais necesarias para a execución do investimento e que o proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas nas ditas autorizacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas por esta deputación mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 2 de outubro de 2018.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
**ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado ”Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0226.0, asinado dixitalmente o 24 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Miguel Ángel Rivera Fernández, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables coa finalidade de modificar o modelo de apoio da pasarela sobre a cimentación, tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento respecto do orzamento de contrata inicial, que é asumido polo Concello das Pontes de García Rodríguez, de forma que o financiamento da modificación do orzamento queda tal e como se indica na seguinte táboa:

| **Proxecto modificado con incremento Concello das Pontes de García Rodríguez Código: 2019.2000.0226.0 “Pasarela peatonal sobre o Eume. Avenida de Lugo”** | **PROXECTO INICIAL** | | **PROXECTO MODIFICADO** | | **DIFERENZA** |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Contrata** | **Adxudicación** | **Contrata** | **Adxudicación** | **Adxudicación** |
| **Deputación** | 168.441,93 | 168.441,93 | 168.441,93 | 168.441,93 | 0,00 |
| **Concello** | 0,00 | 0,00 | 83.674,63 | 83.674,63 | 83.674,63 |
| **Total** | 168.441,93 | 168.441,93 | 252.116,56 | 252.116,56 | 83.674,63 |

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez aos efectos oportunos."

**34.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, no Concello de Rianxo-fase 1", do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0558.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

**<u>VOTACIÓN</u>**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Rianxo do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, Concello de Rianxo-fase 1", incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0558.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario.

Logo de ver as Resolucións de Presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), pola que se aproba a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, e no que se inclúe este investimento que foi aprobado de forma condicionada á obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo se indica a continuación:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total | Condición pendente |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Rianxo | 2019.2001.0558.0 | Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, Concello de Rianxo-fase 1 | 222.357,39 | 0,00 | 222.357,39 | Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas |

Logo de presentar o Concello de Rianxo un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 18 de outubro de 2022 polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 13 de abril de 2023 previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de dar cumprimento ás condicións esixidas pola Axencia Galega de Infraestruturas, sen variación do seu orzamento, que foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

Logo de ver a autorización emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a nova autorización de Augas de Galicia para este proxecto modificado, achegadas ao expediente, así como o informe técnico (Anexo V) asinado dixitalmente pola arquitecta municipal o 12 de abril de 2023, no que indica que o proxecto modificado conta coas autorizacións sectoriais esixidas e cumpre coas condicións establecidas nas mesmas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2019, aprobadas mediante acordo plenario

adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 2 de outubro de 2018.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, no Concello de Rianxo-fase 1”, do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0558.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Rianxo, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, sen variación do seu orzamento total, coa finalidade de dar cumprimento ás condicións esixidas pola Axencia Galega de Infraestruturas, a cuxa obtención quedara condicionada a súa aprobación definitiva, que foi obtida en abril de 2023, sendo os seus datos os que se reflicten na seguinte táboa:

| Concello | Código | Denominación | Deputación | Concello | Orzamento Total | Condición cumprida |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Rianxo | 2019.2001.0558.0 | Dotación de rede de saneamento no lugar de Pousada, Concello de Rianxo-fase 1 | 222.357,39 | 0,00 | 222.357,39 | Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas |

2.- Considerar cumprida a condición da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) á que fora sometido este investimento e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/1606/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Rianxo para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**35.- Aprobación da prórroga do convenio de cooperación interaministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de BOIRO do 13/04/2023 na que se solicita a prórroga do convenio nº 98/2022 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ao REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS.

O convenio tiña unha vixencia inicial de 31 de decembro de 2023, recollendo nas súas

cláusulas que o Concello, en caso de de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de outubro de 2023.

ANTECEDENTES

- No trámite correspondente á financiación por parte da Deputación das obras da REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS", asinouse convenio 98/2022 en data 14 de outubro de 2022, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de decembro de 2023, e unha data límite para solicitar prórroga do 31 de outubro de 2023

- En data 13 de abril de 2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achega ao expediente solicitude de prórroga e novo calendario de obra na que especifica que:

*Foi necesario plantexar un reformulo da obra, polo que o 12/04/2023 o arquitecto municipal, Emilio Piña Ordiz, asina o novo Plan de Obra do Proxecto de execución para a Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns..*

- A cláusula XIII do convenio 98/2022 establece que:

"*2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar* ***antes do 31 de outubro de 2023****, a* ***PRÓRROGA*** *do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que* ***en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024****, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data*."

O Concello de BOIRO solicita a prórroga do convenio 98/2022 en data 13 de abril de 2023, dentro da data límite establecida no convenio para a posible prórroga.

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE BOIRO con CIF P1501100J, para financiar as obras de "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS" cun orzamento total de 110.133,81 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 87.905,82 €, cunha porcentaxe de financiamento do 79,82 %

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no **31 de outubro de 2024."**

**36.- Aprobación da prórroga do convenio de cooperación interaministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Muros do 22/03/2023 na que se solicita a prórroga do convenio nº 56/2022 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO LAVADOIRO DO CHALÓN " .

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 31 de maio de 2023, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de marzo de 2023.

ANTECEDENTES

- No trámite correspondente ao financiamento por parte da Deputación das obras da ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO LAVADOIRO DO CHALÓN", asinouse convenio 56/2022 en data 13 de XULLO de 2022, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de maio de 2023, e unha data límite para solicitar prórroga do 31 de marzo de 2023

- A cláusula XIII do convenio 56/2022 establece que:

*"2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar* ***antes do 31 de marzo de 2023****, a* ***PRÓRROGA*** *do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que* ***en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023****, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data."*

- En data 22 de marzo de 2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achega ao expediente solicitude de prórroga e informe da dirección de obra na que especifica que:

*A vista que as obras están a punto de rematar, pero sendo preciso un tempo para os tramites administrativos para a recepción da mesma e a aprobación da/s certificacións/s de obra Solicito unha prorroga de ata o 31 de outubro de 2023 para a presentación da documentación xustificativa do convenio de colaboración citado.*

A entidade achega un informe emitido pola Dirección Facultativa da obra onde informan sobre a situación da mesma, previsións e porcentaxe de realización da mesma. Á vista do mesmo o concello solicita a prórroga ata a data límite establecida no convenio, o 31 de outubro de 2023.

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MUROS con CIF P1505400J, para financiar as obras de "ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO LAVADOIRO DO CHALÓN" cun orzamento total de 15.000,00 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 12.000,00 €, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no **31 de outubro de 2023."**

**37.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto básico e de execución da "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora do patrimonio histórico

das nosas vilas e cidades, concretándose o presente proxecto na execución da rehabilitación da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, edificio singular do Concello de Ares, de notable interese cultural, histórico e atractivo turístico Trátase dun notable exemplo de arquitectura relixiosa no concello. A actividade subvencionada ao CONCELLO DE ARES , relativa ao proxecto "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO " pretende potenciar o turismo no municipio e colaborar na consolidación da provincia da Coruña como destino turístico, en particular mediante a mellora do patrimonio histórico. Na actualidade os mosteiros son lugar de celebración de actos culturais, as visitas públicas cando o permiten os horarios de apertura promovidos pola "Asociación amigos do Mosteiro de Montefaro" que foi constituida para o sostemento, divulgación, promoción e estudo do legado do Mosteiro, sendo o Concello de Ares o encargado de levar a cabo o mantemento de dita infraestrutura.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE ARES con CIF **P1500400E**, para financiar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO " cun orzamento de 131.000,02 €

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **128.855,41 euros** o que representa unha porcentaxe de **98,362**%.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO "**

Na Coruña, a __ de ____________ de 202_

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. _________________________, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. ______________________ en representación do **Concello de ARES**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

## A N T E C E D E N T E S

Polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 31 de xullo de 2020, aprobouse o texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares para cofinanciar as obras do **"PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO "**. O convenio formalizouse en documento administrativo número 54 en data 14 de setembro de 2020, e tiña unha vixencia ata o día 31 de maio de 2021**.** Na sesión ordinaria celebrada o 30 de abril de 2021 polo Pleno da Corporación, aprobouse a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito ata o 31 de outubro de 2021. Dados os atrasos nas obras por atrasos arqueolóxicos e a imposibilidade de tramitar novas prórrogas, e ao caducar o convenio anterior, procédese a tramitar un novo convenio.

## M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.
A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.
Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local
O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de ARES considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO,** xa que o Concello de ARES considera de primeira necesidade as actuacións sobre o a cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, dado o seu deterioro, e por tratarse dun notable exemplo de arquitectura relixiosa no concello. O mosteiro conforma un notable atractivo como destino turístico que, por capacidade de atracción, resulta estrutural de cara ao interese provincial

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARES ambas as dúas partes

## A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de ARES, con CIF **P1500400E**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da "**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola entidade CRECENTE ASOCIADOS

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

| | |
|---|---|
| Actuacións previas | 13.354,50 € |
| Acondicionamento do terreo | 906,85 € |
| Estructura | 12.186,86 € |
| Cuberta | 25.707,77 € |
| Fábricas e albanelería | 3.298,77 € |
| Carpinterías | 4.137,00 € |
| Revestimentos | 10.357,54 € |
| Instalacións | 14.220,16 € |
| Control de calidade | 606,00 € |
| Xestión residuos | 2.157,52 € |
| Seguridade e saúde | 2.556.17 € |
| Control arqueolóxico | 1.489,42 € |
| TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL | 90.978,56 € |
| 13,00 % Gastos xerais | 11.827,21 € |
| 6,00 % Beneficio industrial | 5.458,71 € |
| TOTAL EXECUCIÓN POR CONTRATA | 108.264,48 € |
| 21,00 % IVA | 22.735,54 € |
| TOTAL ORZAMENTO | 131.000,02 € |
| | |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na

cláusula anterior, cunha achega máxima de **128.855,41 euros** o que representa unha porcentaxe de **98,362**%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98**,362 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201,** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o

importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**
1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 50 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 5**0 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.
4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**
1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.
3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**
1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**
1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención

provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**
1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**
1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos e incluirá os devengados desde o 1 de setembro de 2021 e conservará a súa VIXENCIA ata o 30 de

setembro do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 31 de agosto de 2023, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _________

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE, P.D.<br>O DEPUTADO DE ___________ | O ALCALDE -PRESIDENTE DO<br>CONCELLO DE ARES |
|---|---|
| Asdo.:____________________ | Asdo.________________________ |

**A SECRETARIA XERAL**
**DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo._________________________"**

**38.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a abril 2023.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de abril de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de abril de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

**39.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2023.**

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao primeiro trimestre de 2023, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**40.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Concello de MIño para cofinanciar o proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no centro municipal de emprego, emprendemento e formación", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demáis antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Concello de Miño para financiar o proxecto “POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO “COWORKING MIÑO”, NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN”, na anualidade 2023, proponse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais do concello solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE MIÑO, CIF P1504900J, para regular a achega de 40.075,20 € para cofinanciar o proxecto “POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO “COWORKING MIÑO”, NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN”, cun orzamento subvencionado de 50.094,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220230016070, da aplicación orzamentaria 0520/24100/46201 do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024 á vista do termo para a realización das actividades subvencionadas recollido na cláusula VII. do convenio.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO “POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO “COWORKING MIÑO”, NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN”, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO**

**LOCAL**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

D. ..............................................., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D. ..............................................., en representación do Concello de Miño

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

**MANIFESTAN**

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Miño consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos que dinamicen a actividade empresarial e fortalezan o tecido produtivo a nivel local.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Miño, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño, CIF P1504900J, para o financiamento das actividades do Proxecto de **"POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO "COWORKING MIÑO" NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN"**, no Concello de Miño.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR**

O Concello de Miño levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **ACTIVIDADES** | **IMPORTE (SEN IVE)** |
|---|---|
| **1. Contratacións externas** | **36.100,00€** |
| Deseño da imaxe corporativa | 1.200,00€ |
| Deseño de accións de promoción e difusión nos medios | 3.300,00€ |

| | |
|---|---|
| Elaboración de material de difusión | 2.400,00€ |
| Deseño e impartición do programa formativo xeral | 3.000,00€ |
| Deseño e impartición de obradoiros e charlas- boas prácticas | 3.200,00€ |
| Xerencia do Espazo e das actividades | 23.000,00€ |
| **2. Subministracións** | **5.300,00€** |
| Subministración electricidade | 1.200,00€ |
| Mantemento ascensor | 1.000,00€ |
| Limpeza das instalacións | 3.100,00€ |
| **SUBTOTAL** | **41.400€** |
| **IVE (21%)** | **8.694,00€** |
| **ORZAMENTO TOTAL** | **50.094,00€** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.075,20 euros, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Miño de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Miño o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Miño axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Miño tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.

2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Miño.

## VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2023, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título “POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO “COWORKING MIÑO” NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Miño, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Miño estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Miño, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Miño na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Miño terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de marzo de 2023 e o 1 de marzo de 2024.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Miño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a  cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido  este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Miño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Miño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Miño na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concelllo de Miño terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Miño deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña

telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Miño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Miño poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Miño queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E

**PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Miño serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 , de 5 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Miño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño de 2024**.
2. Para o caso de que o Concello de Miño non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **30 de xuño de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Miño perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións

nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Miño, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña — Polo Concello de Miño

Asdo. — Asdo."

**41.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia - CEIDA para cofinanciar o "Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental para unha transición ecolóxica 2023".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para cofinanciar o “Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2023.

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa “Comisión Informativa de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible”, dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA, para regular a achega de 150.000,00 € para cofinanciar os "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2023", cun orzamento subvencionado de 187.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2024 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2023 e o 31 de decembro de 2023.

3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220230000871, da aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2023

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2023"**

Na Coruña a … de ……….. de 2023

**REUNIDOS**

Dunha parte,_______________________________________________, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _______________________________________________, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **"Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2023"** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **"Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2023"**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:
    - Emerxencia Climática
    - Lixo Mariño
    - Espazos Naturais Protexidos:
        - P.N. Fragas do Eume
        - P.N. Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
        - Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo:
            - O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
            - A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
    - Soberanía Alimentaria
2. Programa de Capacitación para unha Transición Ecolóxica:
    -Conservación, posta en valor e interpretación temática do patrimonio natural e cultural dos espazos naturais protexidos: Fragas do Eume, Dunas de Corrubedo e Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
    -Emerxencia climática
    -Cultura oceánica e a problemática do lixo mariño
3. Programa de divulgación ambiental: Exposicións itinerantes
4. Programa de asesoramento e documentación ambiental
    - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
    - Maletas Viaxeiras: maleta mariñeira e maleta oceánica
    -Conversas naturalistas
5. Elaboración de materiais
6. Plan de comunicación

## II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | | | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| PERSOAL | Director Programa | 33.500,00 € | 125.500,00 € |
| | 4 Educador/a ambiental | 51.400,00 € | |
| | Documentalista | 12.700,00 € | |
| | Administrativo/a | 11.600,00 € | |
| | Administrativo/a | 16.300,00 € | |
| Seguro accidentes e R.C. | | | 800,00 € |
| Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencias, etc.) | | | 51.400,00 € |
| Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.) | | | 9.800,00 € |
| **TOTAL** | | | **187.500,00 €** |

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

## IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades

vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

**VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no artículo 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da

Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle

en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento também poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

**XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2024 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2024, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2024. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que

xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _________ de ________

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña Polo CEIDA

**Asdo:** **Asdo:**

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo."**

**42.- Aprobación da proposta de acordo de adhesión á entidade Rede de Entidades para o Desenvolvemento Local (REDEL).**

**<u>VOTACIÓN</u>**

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**<u>ACORDO</u>**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"A REDE DE ENTIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO LOCAL (REDEL)**

A Rede de Entidades para o Desenvolvemento Local (en adiante, REDEL) constitúese como unha Rede de Entidades expertas en Desenvolvemento Local que traballa para a mellora continua das organizacións a través da reflexión, a xestión do coñecemento e a colaboración, buscando o recoñecemento e a posta en valor a nivel técnico e político do desenvolvemento local e a súa proxección a nivel internacional. Ten entre os seus fins:

- Reflexionar sobre aspectos clave do desenvolvemento local para construír un modelo dende unha identidade común.

- Promover ante entidades públicas e privadas o desenvolvemento municipal e comarcal. Incidir ante as distintas administracións na necesidade de recoñecer o

papel das axencias de desenvolvemento municipal e comarcal e das distintas entidades comprometidas co desenvolvemento municipal e comarcal.

- Deseñar, desenvolver e executar proxectos conxuntos de desenvolvemento local.
- Posibilitar o intercambio de experiencias e coñecementos para mellorar, innovar e incrementar a eficacia e eficiencia das Entidades asociadas.
- Difundir a cultura do desenvolvemento local.
- Promover e realizar accións de interés social mediante proxectos e programas cooperación ao desenvolvemento, no ámbito do estado español.

REDEL está formada por un conxunto de Axencias de Desenvolvemento Económico Local e organizacións que promoven o seu traballo en rede en distintos territorios españois, e teñen a vocación de constituírse nun referente para este tipo de entidades, as instancias políticas que as respaldan, os profesionais que forman parte delas e, en xeral, os diversos actores que interveñen no deseño e a xestión das políticas de desenvolvemento económico local no noso país.

A proposta de REDEL xorde da necesidade de colaborar e traballar con outras entidades para o desenvolvemento local a nivel estatal. Con este obxectivo conforman REDEL entidades de desenvolvemento local referentes no estado, en concreto:

- Agencia de Desarrollo Local y Empleo del Ayuntamiento de Cartagena
- Agència Metropolitana de Desenvolupament Econòmic – AMB
- Ayuntamiento de Castellón de la plana – Agencia de Desarrollo Local
- Ayuntamiento de Elche (Concejalía de Promoción Económica y Empleo)
- Ayuntamiento de Huesca (Área de Desarrollo Local, Economía Social, Industria y Comercio)
- Ayuntamiento de Madrid (Subdirección General de Economía e Industria)
- Ayuntamiento de Málaga (Promálaga)
- Ayuntamiento de Medina del Campo (Servicio de Desarrollo Local)
- Ayuntamiento de Murcia (Servicio de Empleo)
- Ayuntamiento de Valencia (ValènciActiva)
- Ayuntamiento de Zaragoza (Oficina Técnica de Empleo, Emprendimiento e Inclusión Social)
- Barcelona Activa
- Centro de Iniciativas para la Formación y el Empleo (CIFE)
- Diputación de Barcelona (Área de Desarrollo Económico, Turismo y Comercio)
- Diputación de Castellón (Servicio de Promoción Económica y Relaciones Internacionales)
- Diputación de Tarragona (Área de Recursos Humanos, Ocupación y Emprendimiento)
- Diputación de Valencia (Sección de Desarrollo Rural y Despoblación
- GARAPEN, Asociación Vasca de Agencias de Desarrollo
- Getafe Iniciativas
- ImpulsAlicante, Agencia Local de Desarrollo Económico y Social
- Instituto Leonés de Desarrollo Económico, Formación y Empleo (ILDEFE)
- Instituto Municipal de Desarrollo Económico y Empleo de Córdoba (IMDEEC)
- Instituto Municipal de Promoción Económica, Formación y Empleo (IMPEFE)
- Móstoles Desarrollo

- Navarra de Suelo y Vivienda, S.A. (NASUVINSA)
- Oficina de Promoción Económica y Empleo del Concello de Santiago de Compostela
- PalmaActiva
- Segovia Activa
- Sociedad de Desarrollo de Santa Cruz de Tenerife, S.A.U.
- Sociedad para el Desarrollo de la Provincia de Burgos (SODEBUR)
- SOFEJEA – Agencia de Desarrollo de Ejea de los Caballeros

En REDEL preténdese facer fincapé na importancia que teñen as políticas de desenvolvemento económico local no noso país en ámbitos como a promoción do espíritu emprendedor entre a poboación; a mellora das posibilidades de acceder a un emprego, especialmente para colectivos desfavorecidos; o fortalecemento dos sistemas produtivos locais; a dinamización comercial e turística dos nosos municipios, comarcas e provincias; entre outros, co obxectivo de mellorar o nivel de vida dos seus habitantes. A proximidade ao territorio, ás persoas e ás empresas que viven, se moven e levan a cabo as súas actividades nel, das entidades que despregamos estas políticas foi, é e será a clave principal dos éxitos conseguidos.

Poderán pertencer á REDEL:

- As Corporacións Locais e as Entidades Públicas Dependentes, as Sociedades e/ou Entidades de Promoción Económica Municipal ou Comarcal participadas total ou maioritariamente por Corporacións Municiapais, todas elas creadas como instrumento para o cumprimento de obxectivos relacionadas co desenvolvemento local, entendido en sentido amplo.
- As Asociacións de ámbito rexional de Entidades Municipais ou Comarcais para a promoción do desenvolvemento local.
- As Diputacións e outro tipo de entidades que cumpran os requisitos do artigo 3 da Lei Orgánica 1/2022, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, sempre e cando persigan a promoción do desenvolvemento local e representen a:
  - Corporacións Locais, Entidades Públicas Dependentes, Sociedades e/ou Entidades de Promoción Económica Municipal ou Comarcal participadas total ou maioritariamente por Corporacións Municipais, ou
  - Asociacións de ámbito rexional de Entidades Municipais ou Comarcais para a promoción do desenvolvemento local; todas elas domiciliadas no territorio xeográfico das primeiras.

**PROPOSTA DE ACORDO DE ADHESIÓN Á ENTIDADE REDEL**

Vistos os informes da unidade xestora conformado polo Secretario Xeral accidental desta Deputación e o informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral, proponse á Comisión informativa de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible a toma en consideración do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Rede de Entidades Locais para o Desenvolvemento Local (REDEL) e, en consecuencia, comprométese a cumprir coas obrigas e exercer os dereitos que se establecen nos Estatutos de REDEL.

2º.- Designar como representante da Deputación na asociación Rede de Entidades Locais para o Desenvolvemento Local (REDEL) ao deputado provincial José Ramón Rioboo Castro, observando que este non poderá outorgar o voto favorable a prol de acordos adoptados polos órganos de goberno da asociación sen que previamente fora

autorizado polo órgano competente da Deputación.

3º.- Que pola Presidencia se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Rede de Entidades Locais para o Desenvolvemento Local (REDEL) sexa efectiva."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:31 horas.